

AS NOVAS  
DO IEM

---



## Presentación de *As amantes de Hamlet*

O día 19 de setembro de 2003, na Casa de Cultura de Gondomar, tivo lugar a presentación do libro de Marta Dacosta *As amantes de Hamlet*. O acto, presentado polo membro do IEM Bieito Legaspi, contou coa intervención de dous referentes fundamentais no panorama poético galego, ámbolos dous cunha xa moi longa traxectoria: o propio editor do libro Miguel-Anxo Fernán Vello e o crítico Xosé María Álvarez Cáccamo. A seguir das súas palabras, a guitarra de Alex, xornalista amigo e colaborador do IEM, puxo fondo ao recitado dalgúns poemas na voz da propia Marta.

Marta Dacosta, veciña de Peititeiros, ofrécenos con *As amantes de Hamlet* o seu quinto libro de poesía; ten participado en diversas publicacións colectivas, ten publicado diversos estudos sobre lingua e literatura e colabora tamén en diversas revistas e xornais como, por exemplo, na *Festa da palabra silenciada*, na revista *Río* ou na *Revista de Estudos Miñoranos*, no seu primeiro número (no que nos agasallou con “Como se naceuse aquí”, ese fermoso texto no que nos fala da súa travesía dende a “cidade de pedra en que o orballo, a poalla está presente a cada hora... libro tras libro ata redefinir o concepto do Sur, sur deste país, da nosa terra, da nación á que pertencemos...”.) ou neste mesmo número 4 co seu artigo *Noticia de Baiona no século XIII*.

No corpus de *As amantes de Hamlet* hai dous bloques fundamentais (*Ofelia* e *As amantes de Hamlet*), que se prolongan no *Apéndice: cartas mariñas para Penélope* e conclúen na *Fiinda* que, como nas cantigas

medievais, pecha o poemario nun só poema no que Marta substitúe a 1ª persoa de plural das mulleres todas pola voz individual e persoal que se define ante o mundo: “Prefiro ser a filla do pirata / ...a que se rende ante a liberdade / para botarse a voar / sen lastre, sen présa, sen bagaxe.” Para chegar ata aquí, a autora aborda algúns dos símbolos literarios femininos e comeza, daquela, presentándonos en *Ofelia* seis poemas nos que establece un diálogo co personaxe de Shakespeare, e ela mesma é Ofelia. No sexto poema di así: “Como Ofelia somos brancas / e atravesamos o río do silencio / coa esperanza / de atrapar un tempo propio...” que anticipa o texto en prosa final: “Ou Ofelia ou Medusa. Sen elección. Condenadas á inocencia, ao silencio. A todos os silencios. / Pero se coñecemos á dama da poza, se buscamos a razón do abismo e aprendemos a rotación da lúa, nunca máis levaremos a grinalda de Ofelia e as flores non volverán ser brancas. Branca só a palidez da pel, o reflexo da lúa. / Vencedoras de Perseo, nunha illa sen mapas, recolleremos os corpos, virán á nosa praia, todas, todas as que levaron a estrela na fronte e escoitaron as buguinas do mar, as que buscaron o seu cuarto e deixaron o sombreiro sobre as augas”. Ofelia ou Medusa (a



De esquerda a dereita: Bieito Legaspi, Miguel Anxo Fernán Vello, Marta Dacosta e Xosé María Álvarez Cáccamo. (Foto: Á.Bouzó)

que petrificaba os homes que ousaban ollar para ela), anxo ou demo, son, pois, dous arquetipos creados pola literatura, cando esta era “só masculina”, que a autora analiza, cuestiona e ofrece a creación dun novo, outros novos, tantos como mulleres. Ato- pa na dama da poza da tradición oral o referente liberador da muller, o estudo, o pensar por si mesmas. Virxinia Woolf, Rosa- lía, a Dama da Poza son os exemplos, a alternativa a eses arquetipos de silencio, de submisión.

En *As amantes de Hamlet*, un texto en prosa inicial e quince poemas, son prota- gonistas as lavadeiras, as mulleres espi- das que “desposuídas de todo, atesouran a palabra. A súa e a das que as precederon”.

No *Apéndice: cartas mariñas para Pené- lope* temos outro símbolo literario, pero transgresor co papel que a literatura mas- culina lle asignou: “Eu son Penélope / e rexeito teas e fios / non te vou agardar. /

Ordenemos o universo / lavemos a cuber- ta e botemos pola borda / tanto lastre inútil, / e así, sen peso, / co universo ordenado / debuxemos un mapa para a viaxe”.

Só os personaxes literarios, os símbo- los da literatura aparecen co seu nome. A dama da poza, Virxinia Woolf, Rosalía de Castro (“as que buscaron o seu cuarto e deixaron o sombreiro sobre as augas”, “as que levaron a estrela na fronte”) non teñen nome, tampouco a filla do pirata... como as lavadeiras, como as mulleres espidas, como as anónimas mulleres insubmisas.


Entre estes tres bloques, como dislo- cando o “fío argumental”, un poema inicial de escrita anterior ao resto do poemario (“Abandonádeme”), un “Tempo de raba- quetas” (tres poemas nos que os amantes non son precisamente virxes nin adoles- centes, pero obedecen ao tóxico do *Colli- ge virgo rosas*), “Ósos de muller” e “Non rematou o inverno”.

## Na lembranza de Nano Cambeiro *Entrega do I premio de xornalismo que leva o seu nome a X.L. Méndez Ferrín*

O tres de outubro tiveron lugar en Gon- domar dous actos en lembranza do xornalista e fundador do Instituto de Estu- dos Miñoranos Nano Cambeiro. A pega- da que deixou entre a veciñanza do Val o impulsor do xornal *O Miñor* foi intensa e empurrou ao Instituto de Estudos Miño- ranos a tomar a iniciativa de crear un pre- mio que tivese unha dobre finalidade: recor- dar ao amigo ausente e promover a infor- mación e a análise xornalística, en calque- ra forma de comunicación, que teña como referencia o Val Miñor, ou a calquera dos tres concellos que o conforman, e empre- gue como vehículo de expresión a nosa lin-


gua. Estes son os elementos substanciais das bases do pre- mio anual que xa foi convoca- do na súa segunda edición.

O premio recaeu nun arti- go de Xosé Luís Méndez Ferrín publicado en *Faro de Vigo*, o 15 de xullo de 2002, baixo o título de *Tristura no Gali-*



Méndez Ferrín recibiu a peza escultórica das mans de Calí, a filla de Nano Cambeiro. (Foto: C. Xuíz).

## Prêmio Nano Cambeiro



*Título:* A Casa do Druida.

*Autor:* Fernando Casás.

Escultura em bronze a cera perdida.

Cada escultura está escrita e assinada sobre cera pelo autor.

*Dimensões:* 15,5 cm x 23,8 cm x 12,8 cm.

*Data de criação:* 2003.


Em un retângulo / habitação, com as paredes abertas por onde circula o ar e entram as estrelas, germina do teto uma raiz. Uma raiz que está plantada no Cosmos, no devenirs, ao mesmo tempo que no passado mais arcaico. Está plantada na criação buscada pelo poeta. Raiz e mente se unem em uma só forma e escenificam os deuses que estão dentro daquele que busca.

ñeiro. Non é necesario facer ningún esbozo do escritor galardoado, de sobra coñecido tanto pola súa obra literaria como polas súas colaboracións en prensa. Sinalar, iso si, que o xurado á hora de tomar a súa decisión tivo en conta, ademais da indiscutible calidade literaria do texto, o carácter reivindicativo dunha das tradicións culturais miñoranas de maior raizame popular, como son os curros, e nomeadamente a defensa do curro do Galiñeiro. Asemade quixo recoñecer o labor, de anos, de Xosé Luís Méndez Ferrín quen foi sempre un eficaz difusor do Val Miñor e en especial da súa querida Serra do Galiñeiro.

O premio, sen dotación económica, consiste nunha fermosa peza do escultor miñorano, e membro do Instituto de Estudos Miñoranos, Fernando Casás, un dos artistas galegos máis recoñecidos no mundo. Nacido en Gondomar, criado e formado no Brasil e que hai anos regresou á súa terra para continuar co seu labor creativo.

A entrega do premio tivo lugar na "Casa Celso" de Couso, ben preto da residencia de Nano Cambeiro, nun emotivo acto no que estiveron presentes a súa viúva, Moncha, e a súa filla, Calíope, quen fixo entrega do bronce de Fernando Casás ao premiado. Na sobremesa faláron Car-

los Méixome, director da institución que concede o premio, o escultor Fernando Casás, o alcalde de Gondomar, Carlos Silva, quen expresou os variados afectos que espertaba Nano Cambeiro. Pechou o acto Méndez Ferrín, despois de que o poeta e escritor Anxo Angueira dese sentida lectura a un texto poético de Ferrín referido ao curro de Morgadáns. As distintas intervencións foron introducidas por María Xesús García, quen deu tamén lectura aos escritos de dous amigos de Nano



e compañeiros de profesión: Xosé López, decano da Facultade de Xornalismo de Compostela, e da tamén xornalista María Antonia Iglesias.

Con antelación, na Casa da Cultura de Gondomar, tivo lugar unha mesa redonda con dous temas de fondo: a personalidade de Nano Cambeiro e a prensa local ou comarcal. Para falar destes dous aspectos estiveron Miguel A. Boo, quen fora director do desaparecido Diario 16 de Galicia, xornal no que traballara Nano; Guillermo Rodríguez, director d'*A Peneira*, en tantos aspectos coincidente co *Miñor* de Nano; e Xosé Ánxel Font, director da Radio Municipal de Tui, quen colaborara con Nano no deseño dun proxecto radiofónico para o Val Miñor. Na mesa redonda, conducida polo editor Antón Mascato, todos coincidiron en sinalar os valores humanos e profesionais de Nano Cambeiro e a desastrosa situación do xornalismo en xeral e en particular da prensa local e comarcal escrita en galego.

Reproducimos o texto de Xosé Luís Méndez Ferrín que mereceu a consideración do xurado do Primeiro Premio Nano Cambeiro.



Con anterioridade á entrega do premio tivo lugar unha mesa redonda na que participaron de esquerda a dereita: Xosé Ánxel Font, Antón Mascato, Miguel A. Boo e Guillermo Rodríguez. (Foto: Á. Bouzó)

## Tristura no Galiñeiro

XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN

Pois señor; como Segundo Domingo do mes de Xullo, onte tiña que terse celebrado o Curro do Galiñeiro. E así o pensaban moitos e moitas entusiastas do gado cabalar ceibe nos nosos montes. Viñan montados desde os lugares do Fragoso e desde o Miñor, mesmamente cabaleiros e amazonas procedentes do Val da Louriña e do Miño. Tamén subiron onte pola costa do Galiñeiro familias enteiras que querían participar no Curro, estas en coche; outros en motos. Foi visto un lindo carruaxe tirado por un excelente cabalo de liña inglesa, parés que orixinario de Valadares, moi ben conducido desde o pescante polo patrón.

Pero non. Non houbo Curro. Este que é o Curro máis vigués e máis noso, como habitantes desta vila deixada da man de Deus que somos, o Curro de Zamáns e de Vincios e do monte Galiñeiro que domina coa súa eminencia as paisaxes máis propias, por terra e por mar e por aire, acaba de interromperse. Unhas esixencias extremadas aos gandeiros, que non perciben beneficios e que traballan por puro amor aos cabalos e á Natureza, ocasionaron que se renunciara á celebración do Curro, este ano.

Mentres o Curro de Sabucedo, a famosa

Rapa das Bestas, recibe axudas, subvencións, diñeiros, propaganda por tv, prensa e radio, o Curro do Galiñeiro nin sequera aparece en FARO DE VIGO, e ollen que tiro pedras contra meu propio tellado, non sendo que me eu poña en solitario a botar foguetes particulares. O Curro do Galiñeiro ten **vinteseite anos de antigüidade**. É produto do entusiasmo, do traballo e do amor ao que é propio dun grupo de gandeiros que podemos cuantificar en

só unhas dez persoas.

Este ano, onte, non celebramos o Curro. Non acurramos as bestas pola pista de riba. Pepe do Piñeiro non trouxo as burras gordas, con griñón furioso, que lle andan por Marcosende constituíndo a súa grea a nova insignia da Universidade de Vigo. Nemesio non baixou o gado, tamén repoludo e vicioso, que lle anda a pacer polas caidancas do monte da Alba. Nin Serafín, nin os de Vilas, nin ninguén. Plantáronse e dixeron que este ano non hai Curro do Galiñeiro. Fixeron ben: o asunto é de interese común e político. Pero estamos tristes. Un ben cultural do primeiro orde, o Curro do Galiñei-

ro, acaba de desaparecer diante dos nosos ollos porque, aínda que Vostedes non o crean, hai moitas persoas interesadas en que nos montes de Galicia non haxa cabalos, nin vacas, nin ovellas, nin cabras. Só queren eucaliptos, madeira, canteiras. Élles así.

Tamén poden estar completamente seguros de que faremos o posíbel porque o Curro do Galiñeiro volva celebrarse, non desapareza e nos siga alegrando o corazón cada ano.

Poño aquí un aturuxo como rúbrica.


## Presentación do terceiro número da *Revista de Estudos Miñoranos*

O anuario de estudos do IEM segue a cumprir co seu compromiso: ofrecer un mangado de traballos sobre o Val Miñor e servir de memoria anual dos quefaceres do Instituto. Este que tedes nas vosas mans é o número catro. O anterior, que abrangueu trescentas páxinas, tivo a súa saída ao mundo no frío novembro, aínda que nacera algún tempo antes, pero é que, naquela altura, as actividades do IEM non deixaban día libre para amosar orgullosos a nova criatura.

Non foi, pois, ata o 14 de novembro que no café Rañolas de Gondomar procedemos a ese encontro feliz dos que seguen as actividades do IEM e dos colaboradores de cada número. Naquel número 3 incorporábase unha novidade, (ao igual que hai outra neste): unhas páxinas dedicadas a un artista miñorano. Daquela foi o membro do

IEM, o escultor Fernando Casás, quen abriu esta nova sección coas súas *Cartas para Justinus Kerner*.

Co Rañolas ateigado de xentes, o Director do IEM, Carlos Méixome, procedeu a iniciar a presentación do novo número da Revista, que foi brevemente debullada nos seus artigos de fondo e seccións polo Director do Servizo de Publicacións do IEM, Bieito Legaspi. Posteriormente tres dos colaboradores da Revista e do IEM faláron, en concreto, das súas achegas ao anuario do 2003.



De esquerda a dereita: Carlos Méixome, Fernando Casás, Xaime Garrido, Fernando Xabier Costas Goberna e Bieito Legaspi. (Foto: Á. Bouzó)

O gran coñecedor de petroglifos, nomeadamente na parte sur da ría de Vigo, Francisco Xabier Costas Goberna lembrou que había xa vinte anos que se descubrira o petroglifo de armas de “Auga da Laxe” ou “Pedra das Procesións” e non deixou de amosar o seu amargor pola pouca atención que as institucións dedican á protección e posta en valor de xoias patrimoniais como os petroglifos.

O xa asiduo colaborador da *Revista de Estudos Miñoranos*, o arquitecto Xaime Garrido (publicou no nº1 *A estación paleolítica de “Chan do Cereixo” na Portavedra* e no nº 2 *O antigo hospital de Sancti Spiritus de Baiona*) fíxonos unha achega de cal foi o seu labor en defensa do patrimonio, histórico, arquitectónico e ambiental de Baiona nos anos en que exerceu como arquitecto municipal honorífico desta vila

miñorana. Amosou o seu desacougo polo futuro da vila, mais tamén se felicitou por ter axudado a impedir que algunhas brutais agresións ao patrimonio non se fixesen realidade.

Rematou Fernando Casás cunhas breves consideracións sobre aqueles conceptos que empuñan o seu traballo artístico e detívose en explicar en detalle as *Cartas para Justinus Kerner*, inspiradas no xogo de creatividade que desenvolveu, entre finais do XIX e comezos do XX, o médico e investigador Justinus Kerner. Este científico alemán denominou o xogo baseado nas manchas de pintura (kleck, en alemán): Klecksografie. Sobre este xogo foi concibido o test de Rorschach e nesta liña Fernando Casás vén desenvolvendo un traballo que denominou *Cartas para Justinus Kerner* e que, en parte, se recollen na nosa revista.

## Presentación de *La memoria recuperada* de María Antonia Iglesias

A xornalista María Antonia Iglesias, ex-directora dos Servizos Informativos da TVE, colaboradora de diversos medios de comunicación e entusiasta do Val Miñor,



De esquerda a dereita: Iago Martínez, María Antonia Iglesias e Xoán Antonio González. (Foto: Á. Bouzó)

no que pasa, dende nena, a temporada de verán, fixo un oco na súa axenda e desprazouse a Baiona para presentar o seu libro *La memoria recuperada*.

O acto tivo lugar na Biblioteca Pública de Baiona o 29 de xaneiro. A autora foi presentada polo xornalista Iago Martínez e polo historiador e vicedirector do IEM Xoán Antonio González Pérez.

María Antonia Iglesias defendeu a súa positiva visión da etapa de goberno de Felipe González, que levou a España a cotas de modernidade xamais logradas. Ao tempo subliñou que o desgaste sufrido a partir de 1993, o acoso político e mediático, os casos de corrupción e as divisións internas escure-



ceron o labor de goberno do PSOE e fixeron que se esquecese con excesiva rapidez a transformación da sociedade española que impulsaron os socialistas.

No seu libro, que acadou un notable

éxito de vendas, María Antonia Iglesias pretende facer unha achega para comprender mellor o que significou aquela etapa. A autora lembrou tamén a amizade que a unía co xornalista falecido Nano Cambeiro.

## Iglesias Viqueira e o seu *Xabarín, Xabarín*

O xornalista Víctor Iglesias Viqueira xuntou un bo mangado de relatos curtos, situados no seu Macondo particular, imaxinario pero moi real, que denomina *Xabarín*, para inaugurar unha nova colección das publicacións do Instituto de Estudos Miñoranos que denominamos *Letras da Groba*. A vontade desta porta que abrimos é poder acoller a aqueles autores e autoras experimentados ou non nas lideiras da escrita. Agardamos que esta oportunidade anime a moitas persoas que agachan nas gabetas ou nos arquivos do ordenador relatos ou poesías que poden interesar a alguén máis que a quen os escribiu. Foi o venres 13 de febreiro cando o novo libro de Iglesias Viqueira puido ser contemplado polas moitas persoas que acudiron ao Casino de Sabarís á súa presentación pública.

Naquel acto, organizado pola Comunidade de Montes de Santa Cristina da Ramallosa, Sabarís e polo Instituto de Estudos Miñoranos, ademais do autor participaron Xosé Alfredo Pereira Martínez e Manuel Carou, presidente e secretario respectivamente da Comunidade de Montes de Santa Cristina da Ramallosa, e X. Bieito Legaspi Villamarín, director do Servizo de Publicacións do IEM.

*Xabarín, Xabarín...* é un conxunto de 25 contos ambientados no barrio de Sabarís, nos cales van desfilando distintos personaxes que teñen en común frecuentar o taller do Ferreiro que, á maneira da botica

ou da barbería das que falaba Álvaro Cunqueiro, constitúe o lugar de reunión, e outras paparotas, escollido polos protagonistas. No libro colaboran tamén, como ilustradores dalgúns dos contos, Iván Morillas, Henrique Pereira e Marcos Piñeiro, veciños do Val e ex-alumnos do IES Escolas Proval.



De esquerda a dereita: Xosé Alfredo Pereira, Manuel Carou, Víctor I. Viqueira e Bieito Legaspi. (Foto: R. Estévez)

É un deber, e unha alegría, para nós poder dicir que a edición deste libro foi posible, exclusivamente, gracias á colaboración da Comunidade de Montes de Santa Cristina da Ramallosa. Non é a primeira vez que esta Comunidade de Montes dá exemplo do que é tomar iniciativas culturais; salientar agora que hai ben pouco editou algúns anacos da transcripción do Catastro do Marqués de Ensenada referidos á súa parroquia. A ben seguro que o IEM e a Comunidade de Montes de Santa Cristina da Ramallosa seguiremos colaborando en iniciativas culturais diversas, mentres agardamos que o seu exemplo sexa imitado por outras comunidades de montes en man común, tal e como sabemos que así é.

## Os “Amigos de Lisboa” no Val Miñor

**N**o seu Camiño cara a Compostela detivéronse en Baiona un grupo de trinta persoas da asociación “Amigos de Lisboa”; entre as mesmas o seu presidente, o doutor Carlos Consiglieri. Nestas súas horas de estancia miñorana realizáronse unha serie de actos de convivencia co Instituto de Estudos Miñoranos organizados en colaboración con Manuel Carrera da tapanaría Fava Rica de Baiona.

O xoves 25, tras a chegada dos amigos lisboetas, tivo lugar un convivio no que tras o saúdo de benvida realizado polo Director do Instituto de Estudos Miñoranos, Carlos Méixome, e tras a lectura dos *Airiños* de Rosalía de Castro a cargo de Marisol Gómez Muñoz, interveu Hortensia Martínez, presidenta do Centro Galego de Lisboa que con este motivo se achegou ata Baiona.

A continuación o Presidente da Asociación de Amigos de Lisboa, o doutor Carlos Consiglieri, disertou sobre un dos seus temas preferidos: a presenza dos galegos en Lisboa, pois foi a capital lusa un dos principais focos de atracción dos emigrantes galegos, nomeadamente na segunda metade do século XIX. Ao profesor Consiglieri respondeu o prof. Agostiño Nieto, que expuxo as fundadas razóns nas que se apoia para defender a orixe galega e miñorana da familia de Luís Vaz de Camões; en concreto o lugar orixinario do tronco familiar do vate lusitano sería a parroquia miñorana de

Camos (ao respecto pódese consultar neste mesmo número da Revista de Estudos Miñoranos o artigo *Camos e Camões: sobre a oriundez miñorá do príncipe das letras portuguesas* da autoría do mesmo prof. Agostiño Nieto Pazó).

Tras a intervención do profesor Nieto, Silvia Penas procedeu á lectura do Canto Primeiro de *Os Lusíadas* e puxo o remate ao acto a intervención do organizador do evento, Manuel Carrera.

Ao día seguinte, venres 26, pola mañá, os amigos lisboetas na compañía dos integrantes do IEM Carlos Méixome, Xosé Lois Vilar e Rosana Estévez cursaron unha rápida visita a Camos dado o seu especial interese en coñecer a terra orixinaria do poeta nacional portugués. De regreso en Baiona realizaron un percorrido polo casco histórico a fin de coñecer a Igrexa de Santa Liberata, a Colexiata de Baiona, o antigo Hospital de Sancti Spiritus e a casa do Concello, onde foron recibidos polo Sr. Alcalde, Carlos de la Peña. O remate do paseo foi na Praza da Froita baionesa. Tras o xantar os visitantes continuaron a súa viaxe cara á capital de Galiza.



Xosé Lois Vilar informando aos amigos e amigas lisboetas dos trazos máis sentleiros da igrexa de Santa Liberata. (Foto: R. Estévez)

## Sobre o Xocas no Val Miñor

**D**ivulgar a vida e o a obra da personalidade homenaxeada no Día das Letras Galegas vén sendo unha actividade fixa do Instituto de Estudos Miñoranos cada mes de maio. Esta foi tamén a pretenión dos actos culturais celebrados este ano 2004.

O primeiro deles tivo lugar o 5 de maio na Biblioteca Pública de Baiona. No mesmo o prof. Xilberte Manso, membro da Xunta de Goberno do IEM e Bibliotecario do mesmo, fixo un percorrido pola vida e a obra de quen fora o seu mestre no Colexio Cisneros de Ourense. O prof. Manso lembrou, non sen certa emoción, a personalidade de Xaquín Lourenzo e detívose na descrición da vida cultural da cidade de Ourense nas décadas dos cincuenta e sesenta. Ao tempo proxectábanse unha mancha de fotos e debuxos do autor homenaxeado que o prof. Manso seleccionou para a ocasión.

No mesmo acto a profesora Ánxeles Bouzó, directora do Arquivo de Imaxe do IEM, introduciu a proxección do docu-

mental *O carro e o home*, ao tempo que nas paredes do fermoso edificio do vello Hospital de Sancti Spiritu, que acolle na actualidade a Biblioteca municipal, figuraba un bo mangado de debuxos do Xocas preparados, ampliados e plastificados polo equipo de Normalización Lingüística do IES Escolas Proval de Nigrán.



O acto, en ausencia, por causas inescusables, da concelleira de cultura de Baiona, Ana María Rodríguez Fernández, foi conducido polo director do IEM, Carlos Méixome.

De formato similar ao anterior, foi o acto realizado en Gondomar, na Casa da Cultura, o venres 14 de maio. Introducido polo concelleiro de Cultura, Xosé Luís Mosquera, Xilberte Manso falou da vida e obra de Xaquín Lourenzo de quen dixo:

“... non era un **escritor**, a pesar de que teña escrito moito ao longo da súa vida... Tampouco era **debuxante**, mais foron moitos e bos os debuxos que fixo... Tampouco era **músico** o Xocas, pero recolleu milleiros de cantigas pola Limia en particular, e por toda Galiza e norte de Portugal. Non foi **arqueólogo**, pero andou con Florentino Cue-



Caricaturas do Xocas realizadas por Xilberte Manso.

villas a escavar polos castros de Galiza adiante... Non era **fotógrafo**, pero tiña unha grande afección pola fotografía e nas súas viaxes polas terras galegas fixo milleiros de fotos dos castros, das dornas de Porto do Son, das paisaxes galegas e dos seus homes. Non foi **político**, pero participou activamente na fundación do Partido Galeguista e na Irmandade Nazionalista Galega que conducía Vicente Risco, onde a política lle puxo en situacións moi apuradas das que tivo que saír con moitas dificultades alá polo 1936. Non foi **pedagogo**, pero foi un gran mestre de moitas xeracións de rapaces que escoitaron nas aulas do *Colexio Cardeal Cisneros* as súas explicacións... O Xocas só foi un dos **bos e xenerosos**...”



Xilberte Manso. (Foto: Á. Bouzó)

A profesora Ánxeles Bouzó presentou *O carro e o home* e inaugurouse a exposición de debuxos do etnógrafo ourensán. Nesta ocasión tamén falou o director do IEM, Carlos Méixome, quen se referiu á relación entre Lois Tobío e Xaquín Lourenzo, dun xeito especial aos anos nos que o primeiro coidou da edición dos dous tomos da *Historia de Galiza* que dirixía Otero Pedrajo e na que o segundo publicou a súa gran obra: *Etnografía*. No transcurso da intervención o director do IEM deu lectura á emocionada carta que Xaquín Lourenzo dirixiu, en agradecemento, a Lois Tobío con moti-

vo da publicación mencionada. A carta, que conservaba don Lois Tobío entre os seus documentos, publicárase uns meses antes<sup>1</sup>, mais dado o interese ao vincular a unha persoa especialmente unida a Gondomar reproducímolade novo nestas páxinas.

*Ourense 3-X-62*

Sr.D. Lois Tobío

Montevideo

Meu querido irmán: Moito tempo fai que non sei directamente de ti, anque teño noticias por tua irmá á que vexo de cotío eiquí.

De todos os xeitos un deber de gratitude faime agora escribirche.

A fins do vran viñen dende Lobeira a Ourense para ollar os dous primeiros volumes da *Historia de Galiza* que tés o teu cargo. Vín o meu traballo e vín tamén a tua man amiga níl. Sei do traballo que che tivo que dar e o ben que de il saíches. Deus cho pague.

Esta tua colaboración connosco trouxome ás mentes as nosas angueiras no Seminario de Estudos Galegos e lembrei aqueles tempos que xa non voltarán. Entón aínda había cordialidade no mundo e hoxe somentes podemos vivir de aquelas lembranzas.

De novo que Deus cho pague.

Recibe unha aberta moi forte do teu amigo e irmán.

X. Lorenzo

Sobre Xaquín Lourenzo volveu a falar o profesor Manso durante a semana cultural de Camos, dentro do ciclo de conferencias vespertinas que se incluían no denso programa de actividades organizadas polo colexio da Cruz desta parroquia de Nigrán.

<sup>1</sup> Ver Carlos Méixome: "*Lourenzo e Tobío*".  
A Nosa Terra nº 1.115, do 5 ao 11 de febreiro de 2004.

**Unha intensa semana  
A NOSA HISTORIA.  
OS NÓSOS OFICIOS TRADICIONAIS.  
CEP da Cruz – Camos.  
Semana das Letras Galegas 2004**

O Instituto de Estudos Miñoranos tivo a enorme honra de poder colaborar nas intensas xornadas dedicadas á historia e aos oficios tradicionais organizadas pola comunidade educativa do CEP da Cruz de Camos, no concello de Nigrán. A Asociación de Nais e Pais e o Claustro de Profesores foron capaces de recoller esforzos e unir vontades para que esta semana das letras galegas brillase como poucas. Diversos apoios, nomeadamente da Concellería de Educación de Nigrán, permitiron que a iniciativa se fixese realidade.

Da intensidade das xornadas dá conta o programa de actividades realizadas entre o 18 e o 21 de maio de 2004. Durante a xornada de mañá do martes 18 comezaron as visitas de escolares de distintos centros de Educación Primaria do Concello de Nigrán. As visitas previamente concertadas tiveron unha duración de dúas horas.

As actividades organizábanse en catro paneis. O primeiro consistía nunha exposición de materiais dos oficios indicados a continuación:


- *Mariñeiros*. Embarcacións da A.C.B. “A Dorna” da Arousa.
- *Zapateiro*. Pezas de Casiano da Rotea.
- *Cesteiro*. Colección de Carlos Barros Fontán.
- *Telleiro*. Colección do Museo do Cabaqueiro do concello d’O Rosal.
- *Oleiros*. Olas de Buño, Bonxe, Gundivós e Niñodaguia.
- *Rodas de afiar*. Colección de Florencio de Arboiro.
- *Carpinteiro*. Colección de Manuel Álvarez González, de Priegue.
- *Serranchín*. De Florencio de Arboiro.
- *As tecedeiras*. Pezas do procesado do liño da Colección Etnográfica do Concello de Gondomar.

O segundo panel consistía nunha exposición de trinta carteis nos que o protagonista, MOCIÑO, deseñado polo debuxante Pepe Carreiro, ía percorrendo a historia do Val Miñor dende os primeiros poboadores ata a actualidade. Ademais este panel completábase cunha exposición de pezas arqueolóxicas, do paleolítico, bronce, castrexo, período romano... topadas no Val Miñor e que foron cedidas por diversos museos.

O terceiro panel consistía nunha demostración en vivo dos traballos artesanais seguintes, realizados polo artesán que a continuación se indica:

- *Oleiro* de Gundivós. (Eliás).
- *Zoqueiro* de San Simón da Costa. (Norberto).
- *Cesteiros* de Mondariz. (Antonio Campelo).
- *Cesteiro* de Viladesuso. (Carlos).
- *Tamanqueiro* de Mondariz. (Carlos).
- *Cego, lazarillo, zanfoneiro e regueifeiros*. (Benito e Luís).
- *Pandereteiras e fiadoras do liño* de Parada de Outeiro (A Limia)
- *Poteiro* de Camos. (Angelito).
- *Canteiro* de Camos. (Javier Plá)
- *Mariñeiros* de Baiona, Panxón e O Rosal.
- *Afiador*.
- *Palilleiras* d’A Guarda
- *Telleiros* d’O Rosal. (Trintiña e Pedriña).
- *Redeiras* de Baiona.

Finalmente, o cuarto panel consistía nunha proxección permanente de vídeos documentais sobre os distintos oficios (Zoqueiros, Cereiros, Liño, Artes de pesca...).



Rodas de afiar. Tradicionais unhas, máis innovadoras outras, todas forman parte da colección de Florencio de Arboiro. (Fotos: Á. Bouzó)

A xornada inaugural tivo un ben merecido descanso para celebrar un xantar ofrecido a todos os artesáns que acudiran ás demostracións. Pola media tarde celebrouse a primeira das conferencias que se ían pronunciar ao longo da semana. Foi a de Florencio de Arboiro sobre *Os afiadores*.

O mércores 19, o xoves 20 e o venres 21 as exposicións mantivéronse abertas dende as 8:45 h. /13: 45 h. e de 16 h. /18 h. Ao remate de cada xornada pronunciáronse tres conferencias. O mércores foi Xoán de Tamuxe quen falou sobre o oficio dos cabaqueiros. O xoves, 20, o noso compañeiro Xilberte Manso disertou sobre a vida e a obra de Xoaquín Lourenzo antes de proxectarse o documental *O carro e o home* de Antonio Román realizado sobre un guión do Xocas. Pechou o ciclo Xosé Vázquez Pintor, que falou sobre *Os oficios tradicionais* aos que tanta atención lle leva prestado nos seus libros. Ao remate realizouse, entre os asistentes, unha valoración das xornadas e presentáronse as conclusións.

O xornal *A Peneira* publicou un especial Val Miñor, de doce páxinas, no que se recollía diversa información sobre esta semana cultural. Desta publicación reco-

llemos dous dos artigos. O primeiro de Xosé Lois Vilar, auténtico dinamizador, animador e “facedor” desta semana cultural, titulado como as xornadas *A nosa historia*. *Os nosos oficios* que inaugura o suplemento especial, e o segundo do director do IEM, Carlos Méixome, que pecha o suplemento e fai referencia aos carteis nos que Mociño percorre a historia do Val Miñor.

## A NOSA HISTORIA OS OFICIOS TRADICIONAIS

XOSÉ LOIS VILAR PEDREIRA

Ó longo da nosa vida cada movemento, traballo, acción que levamos a cabo está alizizado nunha idea. Ir apañar herba para o gando está cimentado na idea da subsistencia; botar unha placa para facer unha casa, na do benestar; facer unha empanada para ir ó curro de Torroña, na da diversión. Así tamén este traballo sobre a nosa historia, a do Val Miñor, e sobre os oficios tradicionais tivo desde o principio un baseamento ideolóxico claro que xira ó redor de varias ideas.

Un colexio pequeno en alumnos, comezou o curso con 63, hoxe son 65, pode, se quere, realizar un proxecto de certa envergadura no que os principais suxeitos da acción sexan os educandos. Os nosos mociños.


A historia é un campo dos programas educativos cada vez máis esquecido. Nós considerámolo importante. Ademais queremos que nenos e maiores “descubran” que o Val Miñor ten entidade histórica de seu.

O neno existe e os nosos maiores tamén, e eles son os portadores e detentadores dun saber e dunha memoria que debido á mudanza dos tempos xamais vai volver. Entón

conectamos os dous mundos tan próximos no físico e tan distantes no mental. Ámbolos dous son os protagonistas do traballo, son semente e froito, pasado e porvir, aprendizaxe e experiencia. O noso labor é que se coñezan para tirar o maior proveito educativo posible.

Todo isto non sería posible sen o sustento económico e sen a iniciativa e o traballo dun grupo grande de xente. Poucas portas foron ás que petamos e non estaba o amo na casa; e podemos dicir que agora que estamos a piques de culminar unha etapa deste traballo, que non remata neste curso, as satisfaccións son moitas no plano persoal. É nos momentos de moito esforzo cando se aprecia a bondade e a vontade das persoas. Sería inxusto non nomear que mestres e pais contaron coa axuda da Concelleira de Educación, coa xestión sen medir esforzos do Instituto de Estudos Miñoranos na cabeza do seu director, Carlos Méixome, e da disposición de material, tempo e traballo de Edicións do Cumio de Antón Mascato e Manoel Santos. A esta nómina epicéntrica hai que sumar un senfín de nomes de persoas e institucións sen as que sería imposible levar a cabo este labor gratificante.

Esperámosvos -en palabras de Vázquez Pintor- na CASA DA MEMORIA E DOS AFECTOS que vai ser o colexio das Baleazas en Camos nesta semana das Letras Galegas, 2004, dedicada a un dos nosos guieiros: don



Na exposición, pezas de olería e cestería. Instrumentos de carpinteiro e serranchín. Apeiros para traballar o liño e tecer... (Fotos: Á. Bouzó)

Xaquín Lourenzo Fernández, O Xocas, do que tantísimo nos fica por aprender.

Vai polos nosos nenos, polos nosos patróns, polo noso país.

### ¡Ai! Mociño, A NOSA HISTORIA

CARLOS MÉIXOME

Mociño naceu na imaxinación farturenta de Xosé Lois Vilar, un día calquera de hai algún tempo. O asunto era coller un mozo de idade un pouco indefinida e facelo pasear por trescentos mil anos de historia. ¡Cousa doada! E todo iso resumido nunhas cantas liñas que explicasen uns vinte e tantos paneis de imaxes. ¡Aínda máis doado! O curioso foi que o Xosé Lois conseguíuno e aí están pendurados das paredes do Colexio de Camos os paneis co Mociño construtor de mámoas ou castros, comerciante ou emigrante, ilustrado ou artista... E por riba Mociño ameaza con transcender os paneis e converterse no protagonista dun libriño para divulgar a historia das xentes do Miñor.


¡Ai! a historia, Mociño. Cousa que adorna moito. Pero pouco máis. Un aínda lembra cando a Historia de Galiza non era nin materia universitaria. Niso melloramos. Hai moitos e bos historiadores traballando nas distintas especialidades, publícanse achegas xerais e monografías parciais. Ao tempo a historia local comeza a tomarse en serio... Mais a sociedade galega, en xeral, e a miñorana, en particular, segue a considerar os investimentos nos estudos históricos ou na protección e conservación do patrimonio como luxos superfluos ou divertimentos excéntricos.

O Val Miñor é un pequeno recanto moi ben definido xeograficamente polas serras do arredor. Dende a Groba ata os montes de Priegue, co fachendoso Galiñeiro no medio, o sistema de montes delimita un espazo fortemente humanizado e deseñado por un cati-

vo, pero traballador río. Este espazo estivo de sempre poboado e as pegadas da historia son abundosas e constantes.

Dende o Paleolítico máis recuado, que coñecemos gracias ao paciente e constante pasear do arquitecto Xaime Garrido, quen durante máis de nove anos andou á procura do material traballado polos poboadores da Chan de Cereixo, na Portavedra, hai varios centos de miles de anos, ata a actualidade a especie humana ocupou o territorio miñorano. De todo e de todas as épocas hai neste cativo espazo de cento e poucos Km?

Dende as mostras de arte na pedra que son do melloríño e non só de Galiza- Auga da Laxe, Outeiro dos Lameiros, Monte Tetón-, pasando polo campo de mámoas da Chan de Prado e as ducias espaxadas polo territorio, ameazadas en moitas ocasións, eliminadas noutras, ás veces escavadas para deixar paso á autoestrada. Castros de todo tipo, pequenos e grandes, na media ladeira e na beiramar. Abundantes restos de período romano en Panxón. Por certo, o famoso mosaico anda por Alemaña e a vila de Monteferro ameazada de desaparecer baixo unha urbanización.



Xosé Lois Vilar ergue ao Mociño prehistórico. (Foto: Á. Bouzó)

Arco suevo tamén en Panxón, salvado pola xenerosidade de Palacios. Noticias de castelos medievais –Santa Helena e Morgadáns-, nomes sobranceiros da nobreza -Sueiro lañez de Parada-, fermosas e aldeas igrexas románicas -Donas e Peitieiros-, enorme Colexiata a imaxe de Tui, fachendosa ponte da Ramallosa. Baiona, florecente vila medieval, rexida pola familia de Camos, de onde saíu o vate portugués de Os Lusíadas, e receptora de novas da outra beira da mar oceánica. A Baiona defendida que freou a Draque; a cosmopolita na que practicaba idiomas o Conde de Gondomar mentres imaxinaba unha monarquía virada cara ao Atlántico, a ilustrada e liberal. O Miñor inzado de milleirais que xeraban substanciosas rendas para Oia ou o enxame de pazos e casas grandes: de Pampillón a Cea, de Cadaval a Mañufe, de Moldes a Vilarés... O Miñor da crise do XIX que aprendeu a comer patacas ensinado polo furibundo carlista da Casa de Pías e experimentou o camiño da emigración deténdose primeiro en Lisboa.

O Miñor ao que regresaban fachendosos, poucos por certo, algúns americanos enriquecidos e tamén ao que chegaban caros traballosamente gañados para redimir terras sometidas a foro ou para erguer centros de ensino como as Escolas Pro Val ou as de Morgadáns. Coa segunda República o Miñor veu medrar unha enorme ilusión asasinada na Volta dos Nove. De novo a emigración, primeiro como antes a Uruguai e Arxentina, despois á Europa dos cincuenta, o despegue económico, a Citroën, o turismo, a construción, o aumento da poboación...

Mociño, esta longa e farturenta historia non está en ningún sitio. No Val Miñor non hai un só museo, nin histórico, nin doutra caste. No Val Miñor non se inviste un céntimo nunha escavación, nunha investigación histórica, na protección e posta en valor dun monumento, sexa un conxunto de petroglifos, un castro ou unha mámoa. Unha vila como Baiona, preñada de acontecementos



históricos de grande relevo, mesmo dos que se vale para atraer turistas, non ten un museo da vila, agás que consideremos museo á Carabela Pinta. O arco de Panxón, antes portería de fútbol, agora rodeado cun arame. Moitos pazos están en ruínas, por desidia dos propietarios, pero tamén das institucións. Non hai un museo deste período histórico. Non hai nada sobre a emigración, nin sobre o mar, nin sobre a actividade agrícola, nin...

Mociño, afortunadamente, sabemos que algo se move, pero sempre, cousa curiosa, este tipo de iniciativas topan con inconvenientes e atrasos. Sabemos que a Comunidade de Montes de Sabaris ten un fermoso proxecto, que a de Borreiros tamén traballa noutro, que se fala dun Museo etnográfico, que...

Mentres, non agardemos, empurremos con iniciativas como esta.

### ***Un novo camiño para unha vella utopía*** **Presentación do libro de Xulián Maure e dos fotógrafos Carlos Puga e Nacho Gómez**

O camoés Pazo da Touza foi o lugar escollido para a presentación, o pasado 21 de maio, do libro *Un novo camiño para unha vella utopía*, do que son autores o profesor Xulián Maure, membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos, e os fotógrafos Nacho Gómez e Carlos Puga. O acto, organizado polo IEM, contou coa colaboración do Concello de Nigrán e de Edicións do Cumio, selo no que se publicou esta obra. O libro é unha fermosa edición en formato grande, co texto en tres linguas (galego, inglés e español) e unhas duascenas fotografías en color. Nel os autores fan un percorrido polo vello camiño francés dende os Pireneos ata Santiago e Fisterra.

O profesor Maure divide o seu traballo, realizado con palabras, en sete capítulos nos que vai debullando o seu pensamento arredor do feito das peregrinacións, un fenómeno común a todas as relixións do mundo; o milagre da chegada a Galicia dos restos de Santiago o Maior, que dá orixe ao Camiño de Santiago e á súa realización concreta no chamado Camiño fran-

cés; a chegada a Santiago de Galicia e a catarse de Fisterra. Adiantándose á polémica que ten orixe no atentado da estación de Atocha e as súas repercusións na imaxinería relixiosa en Compostela, Maure fai a súa imaxinativa proposta para contestar á pregunta de ¿que facer con esa blasfemia icónica do matamouros? Para finalizar as súas reflexións, achega un interesante compendio bibliográfico, ou de lecturas aconsellables.

Os dous fotógrafos, Nacho Gómez e Carlos Puga, cunha serie excelente de imaxes a color, describen a beleza e variedade da paisaxe, os diferentes estilos arquitectónicos do patrimonio ao longo do camiño, a vida e os sufrimentos dos camiñantes, nun traballo realizado en diferentes estacións climáticas, mesturándose entre os protagonistas do feito de peregrinar.

O acto comezou coa actuación do Grupo de Música Antiga do IES Escolas Proval de Nigrán, dirixido polo profesor David Piñeiro, que interpretou pezas das Cantigas de Santa María, de Afonso X O Sabio, de Juan de la Encina e de Berrogüeto. Ademais dos autores, participaron na presentación Carlos Méixome, director do Instituto de Estudos Miñoranos, a concelleira de Cultura do Concello de Nigrán, Aurora Carbajal, quen aproveitou para reivin-



De esquerda a dereita: Nacho Gómez, Carlos Méixome, Antón Mascato, Aurora Carvajal, Xulián Maure, Clara F. Jiménez e Carlos Puga. (Foto: A. Bouzó)

dicar o carácter de veciño distinguido da vila de Xulián Maure, a profesora Clara Fernández Jiménez, quen referiu diversos aspectos do texto que identificou coa visión do mundo que coñece do escritor, e o editor Antón Mascato, que contou os miúdos da organización da obra cando aínda era un simple proxecto.

A obra conta cunha versión editada en seis idiomas (galego, español, francés, inglés, portugués e alemán) restrinxida a tres dos sete capítulos e unha escolla de fotos que foi presentada polo editor como unha homenaxe sorpresa a Xulián Maure, que viña de deixar, había unhas poucas semanas, a presidencia da Asociación Galega de Tradutores. O acto, de magnífica feitura na súa organización, rematou coa sinatura de libros polos autores e un cóctel de irmandade nos xardíns do Pazo que se alongou ata media noite.

Polo seu especial interese para coñecer o contido do libro reproducimos a continuación, integramente, as palabras que pronunciou no acto o director do IEM, Carlos Méixome:

*Cando tiven nas miñas mans este fermoso libro, o primeiro que me viu á cabeza foi: ¡Como se edita hoxe! E, en galego. A un, formado na Enciclopedia Ilustrada Álvarez, os textos escolares de*

*hoxe seméllanlle un luxo asiático e este un libro primorosamente coidado e sobre todo maravillosamente ensarillado en torno a unha profusa e fermosa serie de fotografías de Carlos Puga e Nacho Gómez, unha “delicatessen” de sibarita.*

*Foi o primeiro flash. Facer unha comparanza imposible coa cutrería franquista da Enciclopedia Álvarez ou as portadas a coloridos das noveliñas de “vaqueiros” de Keith Luger ou Marcial Lafuente Estefanía con esta fermosura. Pertenzo a unha xeración formada nos inicios da imaxe. Eu son dos que pasaron da “pizarra” e do “pizarrín” ao “word” e o “photoshop”. Xa que logo as imaxes dun videoclip son absolutamente incomprendibles para min porque non as dou seguido.*

*Xeralmente temos a imaxe do fotógrafo como un individuo que traballa na soidade da máquina, do disparo, do laboratorio. Neste caso temos un traballo conxunto, que eu só coñecía polo libro que inaugurou esta colección de Edicións do Cumio; refírome ao do Entroido. Sinceramente, os meus parabéns a Carlos Puga e a Nacho Gómez. Os videoclips non, pero a foto fixa si que son capaz de seguila xa que non se me escapa. Tamén, como pertenzo a unha xeración que elaborou os seus soños e tivo outras primeiras experiencias nos cines, o segundo flash foi a luz cenital, crepuscular que empregan Nacho Gómez e Carlos Puga, nomeadamente nas fotos dos edificios. Esa tonalidade lembroume moito ao meu fotógrafo favorito no cine, un italiano chamado Vittorio Storaro que traballa, entre outros, con Bertolucci, que é unha das miñas debilidades de cinéfilo que abandonou a súa afección.*

O terceiro flash foi, a ben seguro polo tema, relacionar este traballo fotográfico coa Idade Media. Imaxinei a Carlos e Nacho como dous monxes coidando ata o mínimo detalle dunha letra capital do pergameo no que ían iniciar un novo documento ou como uns miniaturistas mesturando cores con finos pinceis sobre o coidado pelexo. Seguro que a magnífica exposición sobre o libro medieval do profesor Puras, que está estes días no Colexio do ISM de Panxón, ten influído de xeito sobranceiro neste flash. Imaxinaba así a Nacho e Carlos agardando, con paciencia beatífica, o momento para captar, coller, fixar un instante para vertelo logo no papel e permitírnos telo atrapado para sempre. A imaxe vulgar dunha Idade Media retrógrada e inmóbil fai-nos esquecer realidades esplendorosas, como os códices que agora podemos volver a recuperar gracias ás tecnoloxías que reducen man de obra e tempo, ademais de abaratar custes. Sen a florecente Idade Media, sen o esplendor do reino de Galicia, este libro non tería sentido, non teríamos as xoias do románico que nel saen retratadas, nin o Camiño, nin Compostela. Daquela, Galicia estaba na Fisterra, pero non era periferia, era centro. Un centro no que se iniciaba e remataba un proxecto político de Unión Europea.

Atrapade as imaxes, detédevos nas paisaxes e rematade cos fotógrafos na Praia do Rostro sen chapapote e na romaría da Virxe da Barca.

Repito, pois, os meus parabéns aos dous fotógrafos, ao editor Antón Mascato, xa ben o sabe, e tamén a alguén que, como o editor ás veces queda semio-culto detrás: o realizador do libro, neste caso Manoel Santos, quen nos ten acostumados a uns magníficos traballos e que estes días tirou horas do merecido descanso para que o IEM tivese pre-

parada a exposición de paneis nos que o Mociño ideado por Xosé Lois Vilar e realizado por Pepe Carreiro percorre a historia do Val Miñor.

Falei de tres flashes para referirme ao aspecto fotográfico do libro e agora vou apuntar tres notas e un preámbulo para falar do texto de Xulián Maure.

O preámbulo é que Xulián é un amigo, compañeiro nestas lideiras do Instituto de Estudos Miñoranos e nas angueiras de empurrar pola cultura e lingua deste país. Así que non podo obviar o que é evidente: as tres notas están construídas dende a amizade e dende a camaradería do traballo común.

Primeira nota. Xa coñecedes o tema, é O Camiño de Compostela. O título indica xa que isto non é unha guía ao uso, xa o podedes comprobar ao botarlle unha ollada ás fotografías, pero o título tamén axuda: Un Camiño novo para unha vella utopía. Temas moi de Xulián: a modernidade, a tradición, a innovación, as raíces, a utopía, a xustiza social, a ética; pero tamén a espiritualidade, a relixiosidade, a crenza, a ecumene. Pois Xulián neste tema está na situación dentro-fóra que coidan os antropólogos é a mellor para estudar calquera comunidade ou cultura. Isto é, estar dentro da cultura para coñecer os seus códigos, incluso os máis ocultos, e xa que logo non caer como un paracaidista, e pola outra banda ter cando menos un pé, ou mellor pé e medio fóra que che permita manter unha certa distancia, observar dende lonxe, analizar sen exceso de paixón. Esta é a situación de Xulián neste tema e iso dálle unha gran vantaxe.

Xulián contempla o fenómeno do Camiño, das peregrinacións, da relixión, dende unha espiritualidade ecuménica que sexa quen de sustentar unha ética universal, dende a visión da validez e da

necesidade do diálogo entre relixións, pero tamén dende a cerna democrática do laicismo da burguesía revolucionaria. Nesta encrucillada entre espiritualidade e laicismo sitúase Xulián para ofrecernos un texto seriamente elaborado, resultado de profundas reflexións que se prolongan no tempo e dunha formación teolóxica e filosófica considerable. Evidentemente, este traballo non é unha guía, é o texto dun pensador que reflexiona sobre relixión, camiño, crenzas e culturas, pero sobre todo matina nun futuro que non observa moi alentador. Coido que os interesados neste aspecto da cuestión non van quedar defraudados cando lean os dous primeiros capítulos do libro, o primeiro que lle serve de introdución e que titulou Dous filtros e un zoom e o segundo que denominou Un mundo de peregrinacións.

Non é este o momento de analizar o texto. Ademais, Xulián vaivos falar dentro duns minutos sobre el. Así é todo, un día poderíamos achegarnos ao mesmo a través dun debate colectivo que ben podería inaugurar unha nova actividade do Instituto de Estudos Miñoranos.

Segundo apunte. Xulián é dos que pensan que non é moi importante escribir máis, xa que temos moitos e moi bos textos para ler. Porque Xulián é un lector, un lector disciplinado, un lector amante. Ese lector apaixonado é o que está tamén detrás do Xulián editor que foi nunha etapa da súa vida, que segue a ser, dalgunha forma, dedicándose a poñer na rede versións de textos clásicos e contemporáneos, do Xulián que temporalmente, moi temporalmente e hai unha boa chea de anos, asumiu a subdirección xeral do libro do goberno galego. Así pois, estamos ante un lector que afronta un texto a medio camiño entre o ensaio filosófico e a obra de divulgación. Un lector atento, un lector que tra-

balla as lecturas. Isto podedes contemplalo neste libro. Xulián cita textos doutros autores, engancha con outras publicación, achega documentos, ordénaos, elabóraos e mesmo remata o libro cunha orixinal curiosidade que é dedicarlle o último capítulo ás lecturas; chamoulle Complemento bibliográfico. Nel repasa razoadamente aqueles textos e documentos que, dun xeito ou outro, empregou e convértese así nunha acertada recomendación que vai moito máis alá do simple relatorio de títulos nas bibliografías ao uso.

Terceira nota. O Xulián é unha persoa profundamente crítica, radical á hora de enfrontar os problemas, que non elude o conflito. Todo iso, é evidente, faino cun aquelado respecto polas formas e mesmo cunha galantería sincera que nada ten que ver coa raposería gabada polo máis negativo da cultura tradicional deste país. Esa decisión para enfrontar e non eludir as cuestións espiñentas pona de manifesto no capítulo titulado: ¿Que poderíamos facer con esta blasfemia icónica do Matamouros? Esta preocupación permanente na tradición do galeguismo por desvincular a imaxe de Compostela do guerreiro vingador e racista preséntase tamén no texto de Xulián. Aquelas reflexións de Castelao no Sempre en Galiza, aquela contraposición que o rianxeiro facía entre o Santiago matador e o Santiago de longas barbas, caxato e cuncha de vieira reflíctese nas reflexións actuais do autor. El diravos que a frase non é súa, senón de Torres Queiruga, pero a composición e o paralelismo entre os textos do citado Queiruga, de Juan Goytisolo e Vladimiro Soloviev é asunto de Xulián.

Afortunadamente, estes días o tema saltou a algún medio de comunicación cando o Cabido catedralicio debateu sobre o asunto, aínda que non está moi claro o que decidiu, se é que decidiu

algo. Fronte a ese Santiago matador, Xulián propón, e leo textualmente:

*“Un Santiago Mariñeiro, pescador de homes que perigan naufragar no mar proceloso das relixións confrontadas, sería un bo titular para o novo camiño que nos levase á utopía dunha ética mundial, unha ética común para todos.”*

Remato xa, que a quen vides escoitar é a Xulián, con outro parágrafo seu:

*“Que os responsables dos distintos centros relixiosos consigan que as guerras e demais conflitos violentos non poidan esconderse baixo o manto da diversidade relixiosa. Que a industria*


*armamentística se xustifique por si mesma, polos grandes beneficios do seu mercado ou polas guerras que ocasiona a loita pola propiedade das fontes de enerxía e materias primas, e non pola inseguridade ante un choque de relixións ou civilizacións.”*

*Como podedes comprobar, os Huntington, Rumsfeld e compañía non son xentes do agrado de Xulián.*

*Noraboa, Xulián, por este excelente texto. Reitero os parabéns a Nacho e Carlos, e Antón... podes estar satisfeito.*

Grazas.

## Primeiras xornadas de Prehistoria e Arqueoloxía do Val Miñor 25 anos do descubrimento do xacemento de Chan do Cereixo









PRIMEIRAS XORNADAS DE  
**PREHISTORIA E ARQUEOLOXÍA DO VAL MIÑOR**



25 ANOS DO DESCUBRIMENTO DO XACEMENTO DE CHAN DO CEREIXO

**28-29 maio 2004**

AUDITORIO LOIS TOBIÓ GONDOMAR

ORGANIZAN:     

PREMIAN: 

COLABORAN:  

En 1978 o arquitecto Xaime Garrido deu a coñecer, na revista do Museo de Pontevedra nº XXXIII, a existencia de útiles paleolíticos arcaicos na chaira de Chan do Cereixo, en Portavedra (Gondomar), a uns 350m sobre o nivel do mar e nunha extensión de oito quilómetros cadrados aproximadamente, pertencentes ás aldeas de Portavedra (Mañufe, Gondomar) e Pinzás (Tomiño). Nesta publicación, Xaime Garrido dá conta pormenorizada da micromorfoloxía do terreo e outros detalles de interese científico, demostrando unha grande formación humanística.

O que desde entón se vén denominando como xacemento paleolítico da Chan do Cereixo e que dende aquela ficou incorporada á lista destas áreas arqueolóxicas, atópase, precisamente, no centro dunha zona especialmente sensible, no sur das provincias de Pontevedra e Ourense, e preto do ben coñecido xacemento das Gándaras de Budiño, hoxe desaparecido, escavado, no seu momento, por Emiliano Aguirre, actual director

do Proxecto de Investigación de Atapuerca (Burgos).

Despois de 25 anos do seu descubrimento, Chan do Cereixo segue a ser o único xacemento no que aínda non se realizou ningún tipo de acción arqueolóxica encamiñada ao seu estudo, o que supón unha esperanza ante a desaparición dos xacementos clásicos do noso territorio, pola construción de diversas infraestruturas: campos de fútbol, polígonos industriais, etc.

Foron estas consideracións as que empurraron á sección de Prehistoria e Arqueoloxía do Instituto de Estudos Miñoranos que dirixe Xosé Lois Vilar a promover unhas xornadas de estudo sobre o xacemento da Chan do Cereixo, nas que a paleolitista Rosa Villar Quinteiro e Eduardo Méndez traballaron arreo para levalas a bon porto. A actividade das xornadas, o elevado nivel das comunicacións, así como a intensidade do debate que se produciu na mesa redonda final son difíciles de resumir neste cativo espacio. Aínda así ímolo intentar.

Comezaron as sesións da tarde do venres coa intervención de Manuel Santonja Gómez. Quen foi durante vinte anos director do Museo Arqueolóxico de Salamanca e na actualidade asesor técnico do

Museo Arqueolóxico da Comunidade de Madrid, posúe unha longa experiencia investigadora sobre o paleolítico inferior. Dirixiu as escavacións de Áridos (Madrid), Torralba e Ambrona (Soria)... e actualmente dirixe as de Cuesta de la Bajada (Teruel). A súa conferencia, *Os primeiros poboadores da Península. Unha visión xeral*, era obrigada como apertura destas Xornadas para localizar debidamente a Chan do Cereixo no mundo. O profesor Santonja fíxoo maxistralmente, comezando polos xacementos de África Oriental onde apareceron os primeiros útiles líticos manufacturados por humanos, coas primeiras industrias hachelenses hai 1'7 millóns de anos, que chegarían á Península Ibérica ben pola vía oriental, coa dificultade do gran baleiro de información de Centroeuropa, ben atravesando o estreito de Xibraltar con datación de 1'2 millóns de anos para Fuentenueva III (Granada) e 800.000 anos para a Gran Dolina de Atapuerca.

Un repaso polo paleolítico inferior peninsular, cos problemas de conservación do rexistro fósil e arqueolóxico dependente da climatoloxía; abundante en terrazas fluviais –lembrems os xacementos de Áridos e San Isidro no Manzanares- e sitios lacustres dependendo a súa posición primaria ou secundaria da enerxía da corrente de auga, sendo o máis frecuente o acugulamento de materiais diatópicos e diacrónicos.

A segunda das comunicacións, tamén por orde temporal evidente, correu a cargo de Rosa Villar e Eduardo Méndez e levou por título *Primeiras manifestacións da presenza do home en Galicia: Chan do Cereixo*. Este último, estu-



Xaime Garrido, Rosa Villar e X. L. Mosquera na inauguración da Xornadas de Prehistoria. (Foto: R. Estévez)

dante de historia, membro do club espeleolóxico “Maúxo”, mentres que Rosa Villar, doutora en arqueoloxía, especialista en paleolítico, participou en escavacións en Polonia, Francia, na Península Ibérica e dirixiu no 2002 a escavación das Covas do Rei Cintolo (Mondoñedo). Ambos son membros do Instituto de Estudos Miñoranos e ámbolos dous son coorganizadores destas xornadas.



Na mesa redonda final participaron: Xosé Lois Vilar (moderador), Xulio Carballo, Xaime Garrido, Eduardo Méndez, Rosa Villar, Manuel Santonja e Francisco Cuesta Toribio. (Foto: Á Bouzó)

Durante unha hora informaron aos asistentes sobre a historiografía do paleolítico inferior galego, sobre a evolución da investigación e os seus problemas, repasando os tipos de xacementos do país, aqueles situados na liña de costa ou os situados nas terrazas fluviais ou en chairas altas, caso da Chan do Cereixo.

Non nos presentaron como recomendable o trato recibido polos xacementos coñecidos até o momento, como o de San Cibrán de Lás, A Piteira, Budiño ou San Cibrán das Viñas, que desapareceron pola construción de campos de fútbol ou polígonos industriais sen certificar debidamente a súa existencia para permitir un bo estudo dos testemuños máis antigos do noso país. Por todo isto salientaron a importancia capital da Chan do Cereixo como detentadora da industria lítica máis antiga de Galicia, con máis de 200.000 anos, sendo un xacemento practicamente intacto que precisa dun planificado labor de investigación e valorización patrimonial.

Na mañá do sábado as comunicacións centráronse máis na xestión dos sitios arqueolóxicos. A primeira delas foi a de M<sup>a</sup> Victoria Moreno Lara, quen leva máis de tres lustros escavando en Atapuerca; é

arqueóloga e directora do Centro de Interpretación de Atapuerca en Ibeas de Juarros (Burgos). A súa comunicación titulouse *Atapuerca: inicios e evolución da xestión turística nun sitio arqueolóxico*. Situounos en primeiro lugar Atapuerca como xacemento singular pola calidade dos achados e a súa importancia, xa que son os restos de homínidos máis antigos de Europa, que ilustran a ocupación humana con fósiles coñecidos até hai 800.000 anos coa creación do Homo Antecessor.

Destaca ademais este xacemento polo impacto acadado nos medios de comunicación de masas con publicacións en xornais, radios, televisións, revistas especializadas, así como libros, exposicións e congresos. O nivel de divulgación acadado fixo aumentar exponencialmente (70.000 no ano 2003) a chegada de visitantes á zona: a todos nos soan La Sima de los Huesos, La Gran Dolina ou La Trinchera del Ferrocarril.

Victoria Moreno denuncia que non son paralelos crecemento de visitas debido á divulgación e crecemento das estruturas de recepción, estancia e visita nos distintos lugares do complexo paleolítico de Ibeas de Juarros e Atapuerca. Existen carencias básicas (fochancas, falta de folletos

ou avaría durante meses dos baños) fronte a gastos desorbitados en exposicións no exterior (Sevilla, Madrid, New York).

Seguiu logo a intervención de Francisco Cuesta Toribio, quen falou sobre a xestión integral do patrimonio, exemplarizado no caso xixonés da Campa Torres e a creación do seu parque arqueolóxico. Arqueólogo, dedicado profesionalmente á xestión patrimonial, foi un dos definidores no estado español do que debe ser un parque arqueolóxico e así mesmo o creador do primeiro. É sempre precisa a creación dun equipo pluridisciplinar que non se centre só no aspecto arqueolóxico do lugar, senón que considere fauna, flora ou outros aspectos particulares do lugar. Contemplaron a interacción entre o xacemento e o contorno como algo dinámico, tratando de contar cos aspectos científicos, educativos e históricos de toda a sociedade que paga o proxecto e execución, para así obter a máxima rendibilidade cultural, social e económica.

Na Campa Torres contaron co período ástur, co asturromano, co romano e integraron unha batería de costa da segunda república como salas de exposicións, de conferencias, cafetería e espazo para a investigación.

Francisco Cuesta Toribio concluíu aludindo á Chan do Cereixo para dicir que cada xacemento é un caso distinto, que hai primeiro que definir e crear un proxecto á medida dependendo de moitas variables.

A sesión vespertina iniciouse coa intervención de Xulio Carballo Arceo, arqueólogo provincial e doutor en arqueoloxía pola Universidade de Santiago, especializado en cultura castrexa, quen desenvolveu a súa charla sobre a posta en valor do patrimonio. Levounos da man por unha colección audiovisual que ilustrou con imaxes as actuacións levadas a cabo nos últimos trinta anos sobre o patrimonio,

tanto no noso país como noutros lugares como nos Ancares leoneses, Portugal ou Catalunya.

A intensidade e o acerto das actuacións son moi variables, hai sempre opinións a favor e en contra, moitas veces son intervencións sen o menor criterio que teñen que ser esbarrulladas (caso de Mogor). Outras veces son exemplos a seguir como o Castro de Viladonga ou Calafell con menor ou maior grao de intervención nos propios restos, con creación de máis ou menos estruturas. O problema é sempre o mesmo: calquera tipo de actuación ten que ir continuado por un seguimento e mantemento do que alí se cre, se non é un esforzo destinado á desaparición.

A sesión previa á clausura consistiu nunha mesa redonda, moderada por Xosé Lois Vilar, na que participaron os relatores, aos que se engadiu Xaime Garrido, e na que ademais de repasar o estado da cuestión dos diferentes xacementos paleolíticos houbo un vivo e intenso debate no que se trataron aspectos profesionais e políticos da condición actual da arqueoloxía.

Unha actividade destacada nestas Primeiras Xornadas de Prehistoria e Arqueoloxía foi, ou foron, xa que houbo tres, as sesións de talla de cuarcita que realizou Manuel Ledo. Na mañá do venres, coa súa característica habilidade, fabricou bifaces, picos triédricos, tirou lascas... ante a atenta mirada dos preto de trescentos alumnos/as dos IES "Auga da Laxe" e "Terra de Turonio" de Gondomar e das "Escolas Proval" e "Val Miñor" de Nigrán. Pola tarde, os participantes nas xornadas tampouco ocultaron o seu asombro ante o dominio técnico de Manuel Ledo. Así mesmo cursouse unha visita á paraxe da Chan do Cereixo.

Tras a mesa redonda tivo lugar a sesión de clausura presidida polo alcalde de Gondomar, Carlos Silva. Na mesma, o conce-



lleiro de cultura de Gondomar, Xosé Luís Mosquera, adiantou a celebración das Segundas Xornadas de Prehistoria. Pola súa banda, a organizadora Rosa Villar procedeu á lectura das conclusións das Xornadas e o director do Instituto de Estudos Miñoranos, Carlos Méixome, sinalou a ausencia de actuacións patrimoniais no Val Miñor e animou ás autoridades a comezar unha nova xeira no eido cultural da comarca co estudo e musealización integral da Chan do Cereixo.

Non debemos rematar sen antes facer referencia a que no vestíbulo do auditorio realizouse unha exposición na que en catro paneis titulados *A importancia de Chan do Cereixo para a prehistoria*, *As pezas recuperadas en Chan do Cereixo*, *O home do Paleolítico inferior* e *O futuro de Chan do Cereixo* facíase unha serie de consideracións sobre o xacemento.

Ao tempo, en varios expositores amosábanse algunhas das pezas entregadas por Xaime Garrido ao Museo do Pobo Galego e que este cedeu para o acontecemento, así como diversas publicacións sobre o paleolítico. Tamén animaban a entrada os carteis nos que o personaxe *Mociño* fai un percorrido pola historia do Val Miñor.

Engadimos a este relato das Primeiras Xornadas de Prehistoria e Arqueoloxía do Val Miñor, celebradas o 28 e 29 de maio de 2003, no Auditorio "Lois Tobío" de Gondomar, dous textos. O primeiro, n' *A Nosa Terra* publicado (nº 1.134), recolle dun xeito breve as conclusións que Rosa Villar Quinteiro presentou na clausura das Xornadas. Mentres que o segundo é unha entrevista, publicada nun caderniño especial do xornal *A Peneira* (1ª quincena, xuño 2004), con Xaime Garrido realizada polo editor Antón Mascato.

## A importancia da Chan do Cereixo para a Prehistoria


ROSA VILLAR

A principios dos 70 as roturacións na Chan do Cereixo, en Portavedra (Gondomar), favoreceron a saída á superficie de instrumentos líticos tallados arcaicos e así serían recoñecidos por D. Xaime Garrido, arquitecto da cidade de Vigo que, unha vez identificado un primeiro artefacto, metódica e pacientemente ao longo de sete anos e numerosas visitas, vai reunindo unha valiosa e detallada información acerca das pezas que recupera, como e onde apareceron, a morfoloxía do terreo, etc., de evidente interese científico e que demostra a grande formación humanística de que dispón o autor.

Dará a coñecer o seu descubrimento nun traballo publicado en 1977 no Boletín do Museo de Pontevedra, titulado *Nueva estación paleolítica en Portavedra, Gondomar (Pontevedra)*, o que supuxo a inmediata incorporación de Chan do Cereixo na incipiente lista de xacementos do paleolítico de Galicia.

O ambiente científico no que se produce este descubrimento era fortemente favorable, pois nesta mesma década dos 70 estábase a traballar no xacemento paleolítico das Gándaras de Budiño, no veciño Porriño: primeiro Emiliano Aguirre e Butzer, máis tarde Julio Vidal Encinas; entroutros científicos que contribuíron a situar este xacemento ao nivel dos máis importantes na península. En Ourense, Vicente Rodríguez Gracia, Francisco Fariña Busto e outros colaboradores do Grupo Marcelo Macías, daban novas doutros tres sitios con industrias paleolíticas antigas: A Chaira, en San Cibrán de Lás, A Piteira, en Toén e Pazos, en San Cibrán de Viñas, entre os máis coñecidos.

Doutra banda, as abondosas ferramentas líticas de aspecto masivo que se coñecen desde os pasados anos vinte nas terrazas aluviais do Baixo Miño e no litoral atlántico desde Viana do Castelo ata as Rías de



Xaime Garrido (Foto: Á. Bouzó)

Muros e Noia constitúen outro foco de atención no que traballaron investigadores como Eugénio Jalhay, Joaquín Fontes, Manuel Fernández Costas, Henri Breuil e o xeólogo J. Zbyszewski, Álvarez Blázquez ou Bouza Brey, entre outros.

As conclusións que na actualidade se poden tirar de todos estes traballos é que na franxa meridional de Galicia, en diversas situacións topográficas pero vencelladas ao río Miño, chairas sedimentarias e cabeceiras de vales secundarias, concéntrase case que toda a información disponible ata hoxe verbo do Paleolítico inferior -concretamente das súas fases Acheulense medio e superior- e mesmo do Paleolítico medio -musteriense-.

A Chan do Cereixo constitúe, pois, un xacemento situado espacialmente nunha das zonas con máis vestixios destas épocas tan remotas, que presenta un enorme potencial informativo para permitir completar a escasa información que aínda hoxe temos destes períodos, sendo mencionado polos estudosos do paleolítico inferior peninsular nas súas publicacións como posiblemente o máis antigo coñecido ata o momento en Galicia. Felizmente, logo de vinte e cinco anos do seu descubrimento, a Chan do Cereixo aínda é un xacemento para ser investigado, cousa que non ocorre cos demais, xa desaparecidos por mor da construción de polígonos industriais, campos de fútbol, etc.

**Xaime Garrido: a descuberta do xacemento de Chan do Cereixo.**

*Eu declararíaa, con urxencia, toda a zona como de interese arqueolóxico*

ENTREVISTA DE ANTÓN MASCATO

**O** arquitecto vigués Xaime Garrido participou activamente nas *Primeiras Xornadas de Arqueoloxía e Prehistoria do Val Miñor*, organizadas polo Instituto de Estudos Miñoranos e a Concellería de Cultura de Gondomar, dedicadas a conmemorar os vinte e cinco anos do descubrimento da estación paleolítica de Chan do Cereixo, na Portavedra, Gondomar. Descubrimento que se debe a este prestixioso arquitecto especialista na restauración do patrimonio. Mantén co Val Miñor unha relación de proximidade, xa que foi arquitecto municipal de Baiona entre os anos sesenta e os setenta, residindo dende entón unha boa parte de cada ano en Nigrán.

**Quixera que evocara como se produce o seu achegamento a esa zona da Portavedra, ao Chan do Cereixo...**

Pois foi absolutamente casual: teño un familiar que é cazador e que andaba moito por esa zona, na que debeu haber sempre moi boa caza. Alí no ano setenta e un, atopou un machado neolítico, polimentado, cun fio moi aguzado que gardou nun peto, pero decidiu deixalo na beira dun camiño porque aquel machado cortaba. Contoume o que encontrara, axudándose dun debuxo e decidimos ir buscar aquel útil lítico. Non fomos quen de dar co machado de pedra, seguramente xa en poder doutro cazador. Pero si encontrei un canto que estaba moi erosionado, e que tiña todo o aspecto de ter sido tallado, estiven certo de que aquel tiña que ser un útil paleolítico. Animeime a continuar buscando pola zona e fun encontrando outros útiles de pedra.

**Pero non estaban na capa superficial do terreo...**

Non claro; o motivo daqueles meus achados foi que o ICONA roturou toda aquela zona, nas partes baixas para seren adicadas a pasto, e nas altas para o reboamento forestal. Entón as chuvias provocaron nas terras roturadas ata uns sesenta centímetros de profundidade, un corrento das pedras e terras máis lixeiras e superficiais ao fondo da roturación, quedando ao descuberto as pesadas de cuarzo leitoso. E tamén quedaban estas pezas de cuarcita, cantos rodados, seixos, que non eran de alí; evidentemente foran levadas ata alí polo home como obxectos para unha determinada utilidade, sexa machado ou calquera outro. Eran moi doados de encontrar porque entre a cor abrancazada do cuarzo e o seu cristalino, distinguíase decontado a cor parda, grisácea, da cuarcita. Esa foi a forma de comezar, percorrín toda a zona durante sete anos, o que son moitísimos días e horas de derramar o lombo.

**¿Que parte hai nese traballo de arquitecto e que parte de amator da historia e a cultura?**

Están as dúas ensambladas; pensa que na miña licenciatura fixen a especialidade de restauración de monumentos, e fixen un curso de arqueoloxía; sempre fun moi afeccionado á arqueoloxía, gústame sobre todo o paleolítico. De feito xa traballara algo nos útiles do xacemento de Budiño.

**Budiño era a xoia da época...**

Ben, si, pero moito antes xa se encontraran útiles destes en Eiras-Goián, Tomiño, nas terrazas cuaternarias do río Miño, nos anos sesenta. Aínda que si é certo que a estación importante na que se encontraron bifaces foi Budiño, escavada por Aguirre, e alí apareceron milleiros e milleiros de útiles.

**¿Como dá a coñecer o seu achado da estación de Chan do Cereixo?**

O primeiro que fago é publicar un artigo no xornal *La Voz de Galicia*, e a seguir publico o meu traballo no *Boletín do Museo de Pontevedra*, explicando a situación, as cir-

cunstancias e as diferentes tipoloxías e cantidades. Logo fago unha primeira entrega, unhas dezaseis ou dezasete pezas, ao Museo do Pobo Galego para unha sala que se ía facer do Paleolítico Galego que finalmente non se fixo, quedando integrada nunha de arqueoloxía galega. Os outros útiles que encontrei, preto de duascenas pezas, sen contar as lascas, foron entregadas no Museo de Pontevedra, en caixas de cartón e alí foron depositadas nun almacén á espera de que alguén se poña a estudalas e se dispoñan para seren mostradas. Ata hoxe nada, ou case nada se fixo, non sendo un traballo de Rosa Villar que publicou no número tres da *Revista de Estudos Miñoranos* e que analiza bifaces, coitelos, furadores, cantos tallados, fendedores e lascas...

**Si, pero tamén pon todo ese material a disposición do arqueólogo Julio Vidal Encinas, quen elabora unha análise do mesmo...**

Puxen ese material á súa disposición e presteille un pequeno obradoiro no que eu traballaba... Coñecino tarde, el fixo dúas escavacións apoiadas polo Museo de Pontevedra coa condición de que depositaría todo o material que achara no Museo, cousa que non chegou a facer. Botou dous veráns pola Chan do Cereixo e debeu atopar moitas cousas e seguramente andará todo por Francia, xa que el se formou na disciplina dun coñecido paleolitista francés, o señor Bordes... Este rapaz debuxou os bifaces, que son o tipo de pezas que realmente estudou, e publicou o traballo no *Boletín do Museo de Pontevedra*. Do resto non fixo moito caso, e hai unha gran variedade de tipoloxías, o que é o máis interesante deste xacemento.

**¿Que explicación lle dá a dous feitos salientables do xacemento de Chan do Cereixo? Refirome ao espallamento das pezas encontradas e á presenza da auga nun lugar tan elevado...**

Efectivamente na Chan do Cereixo o importante non é tanto a abundancia das

pezas, sendo moitas as xa encontradas, senón a dispersión das mesmas por todo o lugar que colle o nome do río do Cereixo da Briña; probablemente esta zona de augas era lugar de pasto de animais, e de caza para o home. Seguramente ata houbo un obradoiro de fabricación de útiles pola abundancia de lascas encontradas nun punto concreto, case todo material na superficie. Quizais se se fan catas, teñamos máis información para aventurar hipóteses. É un lugar elevado, uns trescentos cincuenta metros, formando unha concavidade, con dúas fontes que manan aínda hoxe e nas que nace ese río; con eso e as augas da chuva que fan encoro, quizais teñamos a base para entender a presenza do home e de animais naquel lugar. Por certo, nesas fontes encontrei dous machados moi interesantes.

**Do mesmo xeito que se arrasou o xacemento de Budiño, ou de San Cibrao das Viñas, a Chan do Cereixo non está libre de que mañá sexa obxecto dun campo de golf, ou dunha urbanización de “adosados”...**

Pois claro; de feito xa foi obxecto de esplanada e recheado con xabre para facer unha especie de pista de aterraxe, un aeroporto ou semellante que alguén está facendo por riba do nacemento dese río...

**¿E que podemos facer para preservar o lugar? Posiblemente un dos escasos espazos nos que aínda é posible facer estudos multidisciplinares do paleolítico inferior galego.**

Pois evidentemente eu declararía, con urxencia, toda a zona como de interese arqueolóxico, pois alí non só apareceron múltiples útiles de pedra, do paleolítico inferior, tamén outros máis *modernos*; eu encontrei alí, en superficie tamén, nunha especie de mámoa, unha machadiña pequena de pedra polimentada, un coitelo de sílex, unha peza cortada pola metade que pode ser unha punta de lanza ou unha alabarda, e unha punta de lanza de ferro, así como escouras do mesmo metal, e anacos pequenos cerámicos de moi difícil datación... posiblemente romanos, xa que alí hai unhas minas quizais romanas, posiblemente de ouro, nas que puido traballar a auga da serra da Groba conducida ata alí para lavar as terras e recoller o ouro. Aquela foi de certo unha zona habitada para cazar e pacer naquela meseta, no tempo en que o home non era sedentario. Eso é a organización de xornadas coma as que veñen de facerse en Gondomar, que serven para dar a coñecer o valor do que temos, para reflexionar sobre o patrimonio e para divulgar os coñecementos.

### III Certame literario Conde de Gondomar

O martes 29 de xuño, ás 20,30 horas, tivo lugar na Casa da Cultura de Gondomar, nun acto organizado pola Concellería de Xuventude de Gondomar e o Instituto de Estudos Miñoranos, a presentación do libro no que se recollen os textos premiados no III Certame Literario Conde de Gondomar. Non foi só unha pre-

sentación do libro, senón que se fixo entrega de varios exemplares do mesmo aos gañadores no certame, e mesmo algunhas e algún deles leron o seu poema ou un fragmento do seu relato premiado.

O acto foi presentado polo membro do IEM X. Bieito Legaspi e contou coa presenza do Concelleiro de Xuventude de Gondomar Miguel Ángel Jorge Álvarez, quen confirmou o apoio da súa concellería para sucesivas edicións.

Reproducimos a seguir as palabras que serviron de presentación do acto:

*“Gracias pola vosa colaboración, por pór nun papel as vosas fantasías, cavilacións, ocorrencias... retrincos de vida para compartilos cunha lectora ou lector anónimo.*


*Porque escribir non é outra cousa, de xeito máis ou menos disimulado, que falar dun mesmo, un exercicio de busca, de procura dunha voz, dunha voz propia, singular, algo tan necesario nestes tempos de modas, uniformidades, pensamentos correctos... Neste mangado de poemas e relatos hai unha variedade temática digna de salientar nestas palabras de presentación:*

*A paisaxe, sobre todo a paisaxe marítima, ás veces formando parte dos soños para fuxir da realidade adversa, ás veces, e unha vez máis, manchada de negro pola Marea Negra. O xogo poético nas cores do parchís, que non son abondo, nin sequera as do arco da vella. A vida ten máis cores, como a fantasía. A denuncia da situación da muller. Aquí, na ama de casa heroica e escrava que traballa, así e todo, con alegría, e acolá, en Kabul, na vida de Lalia, de nove anos, que “non pode ver case nada/ e tropeza polas rúas,/ o burka tena atrapada/ de xesto, de rostro, de todo/ de sorriso, de soños, de mirada”.*

*A loita da rebeldía ou a rebeldía da loita: “loito con risco/loito por poder pensar”. O manifesto en nome dos ninguneados do mundo, ninguneados, esmagados, oprimidos por un poder visible ou invisible. A protesta airada nun berro forte contra a hipocrísia dos asasinós*

*de colo branco, que logo do día 11 de marzo fan teatro, lavan as mans simulando non ter a culpa deste caos de dor, morte, pena que provocan. A autobiografía dun cabalo que nos fala dos seus diversos traballos, compañeiros, aventuras. A fantasía dunha festa no mar comendo exquisiteces como canapés de cuncha de mexillón con ameixas ou torta de congro con gambas e nata.*

*Ou no país das marabillas entre papoulas que falan, trasnos, bruxas, fadas... na busca de tres palabras máxicas. A historia dunha vida, a historia dun amor eterno a piques de fracasar por causa da emigración, o mar, a distancia, o tempo... O racismo, a intolerancia, a envexa, manifestadas na violencia física que priva a un rapaz do seu soño. A denuncia da sociedade belicista que nos divide en bos e malos, en gardiáns da orde e “disidentes”, é dicir, terroristas. As dificultades do amor a través de Internet. A máis crúa realidade social no máis salvaxe estilo de novela negra, cunha acción que se desenvolve en Baiona, A Ramallosa, Vila-riño, Gondomar... A todos e todas vós e a todas e todos os que participaron gracias de novo”.*



Miguel Ángel Jorge (dereita) e Bieito Legaspi (centro) escoitan a lectura dun texto do que é autor Raúl Costas Pereira. (Foto: Á. Bouzón)

## Unha ollada pola transición, a través dos adhesivos

Unha nova forma de colaboración do IEM coas institucións e empresas miñoranas foi a que se puxo en marcha o 18 de febreiro. Na tarde daquel día procedeuse á inauguración da exposición que dá título a esta nota. Na mesma participaron o Concelleiro de Cultura de Gondomar Xosé Luís Mosquera, Anxo Terán do Café Rañolas, promotor da iniciativa cultural, e o director do IEM Carlos Méixome. Comezaba así unha nova forma de animación cultural que se concretou con outras dúas colaboracións co Café Rañolas: a presentación, nos seus locais, do número tres da Revista de Estudos Miñoranos e a exposición, parcial, de *O Val Miñor nos albores do século XX*, a exposición de fotografías do IEM que cinco anos despois aínda segue a chamar a atención.

A exposición *Unha ollada pola transición, a través dos adhesivos* chegaba directamente da cidade de Lugo, onde estivo exposta por primeira vez, e ocupou os espazos do Café Rañolas e da Casa da Cultura de Gondomar.

O obxectivo desta exposición é con-

tribuír a recuperar a memoria dun período de gran relevancia na nosa historia máis recente: a transición. Foron anos dunha grande eferescencia política e social, de cambios, de esperanzas, de loitas e tamén de frustracións; moitos deles reflíctense no instrumento escollido para traer á nosa memoria aquela época, no obxecto da exposición: o adhesivo. Non son simples anacos de papel encolado. Os adhesivos permiten aos que viviron aqueles anos redescubrir as súas experiencias, e aos máis novos tomar coñecemento do clima social e político da época: palabras de orde que marcaron a transición, procesos electorais que condicionaron o noso presente colectivo.

Esta exposición é posible gracias a moitas persoas que conservaron durante anos os adhesivos. A elas o noso agradecemento, pero sobre todo ao profesor universitario Bernardo Valdés Pazos, que tamén durante anos tivo a paciencia de ir recollendo e ordenando miles e miles destes autocolantes, as celebres “pegatas”. En trinta paneis recóllense centos destas “pegatinas” agrupadas por temas, permitindo deste xeito un percorrido visual por aqueles anos da segunda metade da década dos setenta.

## As TERTULIAS do IEM. Curso 2003-04

Por segundo ano consecutivo o Instituto de Estudos Miñoranos puxo en marcha as **Tertulias** do IEM, que teñen como fin achegar ata o Val Miñor persoas que teñen destacado nas súas respectivas actividades para que compartan con nós as súas experiencias durante unha xornada. O esquema mantívose neste segundo ciclo das **Tertulias**; isto é, primeiro foi

a conferencia-coloquio, sempre no día venres, preferentemente o primeiro de cada mes, e logo unha cea-coloquio á que se pode asistir mediante reserva previa. Finalmente, as persoas convidadas, cando así lles era posible, dedicaban a xornada sabatina a gozar do Val Miñor.

Cómpre salientar de inicio que as **Tertulias** do IEM nunca serían posibles sen a complicidade de tres factores: en primeiro lugar, a xenerosidade das persoas

convidadas que desinteresadamente nos dedican moitas horas do seu valioso tempo; en segundo lugar, as empresas que facilitan este labor coa súa colaboración continuada, como foi o caso neste ciclo 2003-04 do *Hotel Bahía* e do *Restaurante Pazo Mendoza* de Baiona, así como de *Edicións do Cumio*; e finalmente, aquelas outras que colaboran de forma puntual; entre elas: a bodega de Luís Anxo Rodríguez Vázquez, quen por segundo ano achegou ata nós as súas marcas *Viña de Martín* e *A Torna dos Pasás* da D.O. Ribeiro, a bodega **Terras Gauda** e Xosé María Fonseca que trouxo ás **Tertulias** os seus


viños *Abadía de San Campio* e *Terras Gauda* da D.O. Rías Baixas, a **Adega Arraiana** de Arbo, que nos convidou a probar as súas marcas *Teotonio*, *Don Ramón* e *Arraiano*, da D.O. Rías Baixas, **Bodegas Couto**, que aportou o seu viño *Serra da Estrela* da D.O. Rías Baixas e **Fruitas Vilar**, que nos agasallou cunha degustación de diversas froitas e ensaladas.

Neste ciclo de **Tertulias** as persoas convidadas foron agasalladas cunha peza escultórica, obra do compañeiro da Xunta de Goberno do IEM Alfonso Soliño Troncoso que a describiu coas seguintes palabras:

A obra denominada **Baleiro** é unha homenaxe ao proceso da creación e do coñecemento que aca- da o ser humano. Inicialmente pensada para un máis limitado eido cultural, concretouse finalmente para unha concepción universal de tal xeito que se poidan percibir representadas todas as artes e as ciencias sobre un elemento moi primario: o cubo. Queda recollida a arquitectura como a primeira das artes (o cubículo) na que se aloxan a plástica, a linguaxe dos signos, a palabra, as artes escénicas, a literatura, a música... así como o útil ou ferramenta de traballo que utiliza cada creador na súa obra.

Son simboloxías codificadas que se distribúen polas caras do cubículo escultórico que, baleiro, xoga coa luz e co espacío.

A peza está conformada en bronce. Ten unhas dimensións de 10x10x10 cm para o cubículo e 6 cms. máis para o elemento cónico. Foi fundida nos talleres de Broncearte de Goián- Tomiño por Cuqui Piñeiro. É unha serie limitada e numerada de 31 pezas.



A peza **BALEIRO** de Alfonso Soliño Troncoso foi o agasallo do Instituto de Estudo Miñoranos ás persoas convidadas.



Antón Mascato e Concha Costas acompañan a Méndez Ferrín.  
(Foto: Á. Bouzó)

Abriu o lume das *Tertulias*, o 7 de novembro, o escritor Méndez Ferrín que viña de gañar o 1º Premio de Xornalismo Nano Cambeiro concedido polo Instituto de Estudos Miñoranos. A presentación do autor de *Con pólvora e magnolias* correu a cargo da profesora e integrante da Xunta de Goberno do IEM Concha Costas, que fixo un percorrido pola obra literaria sen deixar de sinalar o papel como profesor de xeracións de vigueses, no Instituto Santa Irene, e mesmo, non sen emoción, lembrou a pegada persoal cando sendo unha mocidade estudante lle realizou unha entrevista para un traballo escolar.

O escritor, nacido en Ourense en 1938, lembrou que alén da cidade das Burgas, hai outros portos fundamentais na súa traxectoria vital, sendo dos máis cruciais: Vilanova dos Infantes, lugar maternal e da infancia, a Pontevedra da adolescencia, o Santiago e o Madrid estudiantís e o Vigo da madurez, da loita e da liberdade. O autor sinalou dúas constantes na súa vida: a literatura e a política.

Falou das súas obras en termos xerais sen deterse en ningunha en especial, nin en ningún dos xéneros que cultivou: poesía (*Voce na néboa*, *Con pólvora e magnolias* ou *Estirpe...*), novela (*Retorno a Tagen Ata*, *Antón e os inocentes*, *Bretaña*, *Esmeraldina* ou *No ventre do silencio...*), teatro (*Celtas sen filtro...*) e relato, onde se amosa máis prolífico, sendo algúns títulos *Per-*

*cival e outras historias*, *Crónica de nós* ou *Arraianos*. Unha obra consolidada que ben merece a proposta para o premio Nobel que fixo, no seu momento, a Asociación de Escritores.

A charla, moderada polo editor Antón Mascato, camiñou preferentemente por camiños literarios e rematou cun certo pouso de amargura cando o autor afirmou que non podía dicir de ningunha das súas obras que era aquela que lle gustaría escribir e considerala pois como a obra definitiva. O Méndez Ferrín crítico literario exerceu como tal coa obra do Méndez Ferrín escritor.

A Méndez Ferrín seguiu o 12 de decembro o profesor Beiras Torrado. A sala quedou pequena para acoller a xente que desexaba escoitar ao profesor e dirixente político que viña de ser nomeado presidente do Consello Nacional do BNG na Asemblea que tivera lugar o mes anterior.

A presentación correu a cargo do director do Instituto de Estudos Miñoranos, Carlos Méixome, que fixo unha presentación do convidado en clave persoal e sinalando as coincidencias vitais co autor do *O atraso...*, obra que marcou a toda unha xeración formada na Compostela dos anos setenta.

O autor centrou a súa intervención nas persoas que máis o influíron. Rememorou, en especial, a Compostela da posguerra e a figura paterna, relacionada co galeguismo do período republicano, que o puxo en contacto cunha cultura e unhas persoas que para a maioría dos mozos da súa idade estaban ocultas. Percorreu tamén a súa traxectoria académica e detívose na súa traxectoria política, sempre marcada por dúas liñas converxentes: o pensamento de esquerda e o nacionalismo galego. Lembrou, pois, a fundación do Partido Socialista Galego, os seus anos vigueses, a incorporación á cátedra en Compostela e a súa posterior participación na fundación do Bloque Nacionalista Galego.



Tras a intervención, iniciouse un vivo coloquio, moderado polo membro da Xunta de Goberno do IEM Xulián Maure, no que en gran medida as cuestións presentadas centrábanse na actualidade política e especialmente nas relacións entre o BNG e o PS de G-PSOE. Cómpre lembrar aquí que naquel momento estaba de máxima



Xulián Maure, X. M. Beiras e Carlos Méixome. (Foto: C. Xuíz)

actualidade a crise do goberno de coalición en Vigo. O profesor Beiras retrotraeu a súa análise aos tempos da Federación de Partidos Socialistas, na que el participou, e foi analizando polo miúdo as relacións entre o nacionalismo galego e o socialismo español ao longo das tres últimas décadas.

Tras a conferencia-coloquio pasouse á concorrida cea, que pronto camiñou de novo cara ao tema co que rematara a charla. Por certo, é de destacar que tanto á charla como á cea acudiron algúns dos máis importantes militantes do Val Miñor dos dous partidos que un tempo atrás romperan a alianza no goberno vigués. Un Beiras incansable foi debullando as súas razóns, as súas análises, as súas dúbidas e as súas certezas ata ben avanzada a noite.

A crise viguesa roldou tamén sobre a seguinte *Tertulia*, a de Daniel Pino Vicente. O sociólogo e urbanista achegouse ata o Val Miñor o 16 de xaneiro. De novo a sala ategouse de xente, e entre o público notouse especialmente a presenza de arqui-

tectos e profesionais do urbanismo que prolongaron a conversa con Daniel Pino na cea posterior.

O convidado foi presentado polo arquitecto técnico e membro da Xunta de Goberno do IEM Alfonso Soliño Troncoso que, entre outros moitos aspectos, lembrou que a actividade profesional de Daniel Pino foi recoñecida co Premio Nacional de Urbanismo (1981) polo seu traballo do *Plano Especial de Protección do Pazo de Oca e o seu entorno* (Concello de A Estrada) e co Premio Europeo de Urbanismo e Planificación Rexional (1994) polo seu traballo de *Ordenación e Recuperación integral do Conxunto Histórico de Allariz e o seu río*.

O sociólogo, que dirixe a elaboración do PXOU de Vigo, unha das cuestións protagonistas da crise viguesa, foi facendo un repaso á súa formación dende os tempos universitarios en Madrid, pasando polos anos da loita contra o franquismo e xa definitivamente ao seu traballo vinculado ao urbanismo dende hai máis de dúas décadas.

O coloquio, moderado polo vicedirector do IEM Xoán González Pérez, centrouse en cuestións de deseño urbanístico, o plano de Allariz e tamén en diversas consideracións sobre o Plano Xeral da cidade de Vigo.



Alfonso Soliño Troncoso, esquerda, presentou a Daniel Pino Vicente, mentres que Xoán González, dereita, moderou o coloquio. (Foto: C. Xuíz)

Na cea posterior lembrouse unha facea de Daniel Pino que se obviou na conferencia, como é a de narrador, con obra publicada (*Vixía os sables ao chegar febreiro* e *Arredor do lume. Contos do pote dunha outonía lonxana*) e poeta.

No ano dedicado a Xaquín Lourenzo tivemos a fortuna de poder traer ao Val Miñor ao antropólogo e profesor universitario Marcial Gondar Portasany. Foi o 6 de febreiro cando o Catedrático de Antropoloxía na Universidade de Santiago de Compostela, presentado polo membro da Xunta de Goberno do IEM Xilberte Manso, pronunciou a súa charla.

O profesor Manso foi lembrando as grandes obras do convidado: *Bases para unha antropoloxía aplicada na Galicia rural* (1979), *Racionalidad campesina y relativismo cultural* (1980), *Antropología y racionalidad* (en colaboración, 1980), *A morte* (1987), *Romeiros do alén* (1989), polo que recibiu o Premio da Crítica de ensaio en 1990, *Mulleres de mortos* (1991), *Espirítados. Ensaio de Etnopsiquiatría galega* (1992), *Crítica da razón galega* (1993).



Bieito Legaspi, Marcial Gondar e Xilberte Manso. (Foto: Á Bouzó)

O profesor Gondar centrou a súa intervención en cuestións relacionadas co seu tema de traballo nos últimos anos, a antropoloxía aplicada, nas súas técnicas e métodos, na funcionalidade da enquisa, do grupo de discusión, da sondaxe rápida ou dos métodos interactivos, a transferencia de

coñecementos ou os procesos de toma de decisión. Esta vertente práctica da antropoloxía é a que aplica á hora de traballar, con equipos interdisciplinarios, en temas de saúde mental e que ten abordado na súa recente publicación *¿Que é a antropoloxía aplicada?* (2003).

O coloquio previo á cea de costume foi moderado polo membro da Xunta de Goberno do IEM Bieito Legaspi.

Encetábase o mes de marzo, o mes no que a muller reivindica o seu dereito ao traballo, e foi a tertulia do mes de marzo, o día 6, a que tivo tamén unha representatividade feminina destacada, xa que contou coa presenza da escritora M<sup>a</sup> Xosé Queizán.

A profesora e amiga Camiño Noia foi quen a presentou facendo un percorrido pola súa biografía e a súa diversa obra, desde a publicación en 1965 do seu primeiro libro *A orella no buraco*, pasando por títulos tan emblemáticos dentro da literatura feminista como *Amantía*, *O segredo da pedra figueira*, ou o recén publicado libro de relatos *¡Sentinela, alerta!* ou a novela *Ten o seu punto a rosa fresca*.

Pero non só o xénero narrativo, senón tamén o ensaístico, recolle o pensamento feminista, que harmoniza co nacionalismo da mocidade da autora con títulos *A muller en Galicia*, *Recuperemos as mans*, ou o polémico ensaio sobre a obra de E. Pondal *Misoxinia e racismo na poesía de E. Pondal*.

A actividade teatral e xornalística tamén é abordada coa mesma perspectiva feminista. Na primeira destaca a obra *Antígona, a forza do sangue*, unha revisión do mito clásico desde unha óptica galega enfrontada co mundo patriarcal. Na segunda, ademais das súas puntuais colaboracións na prensa, sobresaie o seu labor de coordinadora da revista *Festa da palabra silenciada*, divulgadora en Galicia do pensamento feminista europeo.

M<sup>a</sup> Xosé Queizán remontouse á súa nenez e aos anos de formación autodidacta, onde recoñeceu vivir as influencias das correntes parisienses dos anos 50 e 60 que en Galicia foron coñecidas como a *Nova Narrativa*. En canto á súa literatura, caracterizouna por posuír dous temas claves: a liberdade e o antipoder, dos que dixo desprenderse un certo optimismo final, como corresponde a unha muller que aínda cre nun futuro mellor para as mulleres.

Tras a intervención da convidada, e previa á cea de costume, abriuse un coloquio que foi moderado por M<sup>a</sup> Xosé González Chamorro, da Xunta de Goberno do IEM.

Foi en abril cando tivemos na TERTULIA a un veciño do Val Miñor. Antón Seoane naceu nas terras ferrolás, pero dende hai décadas elixiu o Val Miñor para vivir. Dende a súa residencia miñorana realiza o seu traballo diario como médico e o seu esforzo creador como músico.

O conferenciante foi presentado por Xavier Groba, profesor de música, membro do Clube Espeleolóxico Maúxo e asiduo colaborador do Instituto de Estudos Miñoranos, quen fixo un repaso pola obra musical de Milladoiro e sinalou que falar de Milladoiro é falar da música galega actual. Lembrou o prof. Groba que durante os últimos vinte anos non só levaron a nosa música tradicional dos *seráns* e as *romarías* aos teatros e as salas de concertos de todo o mundo, senón que a reinventaron e compuxeron obras que forman parte xa da nosa tradición.

Antón Seoane, un dos fundadores do emblemático grupo, pronunciou unha meditada conferencia elaborada sobre os dous piares da súa vida: a psiquiatría e a música. Percorreu a súa formación musical, en familia de músicos, ata chegar á formación de Milladoiro e o seu papel na música galega.



Camiño Noia e M<sup>a</sup> Xosé Queizán. (Foto: Á. Bouzó)


No transcurso da súa charla, Antón Seoane mostrou a súa preocupación polo futuro dos galegos e de xeito especial polo futuro da lingua. Poderemos ser moito máis felices, vivir moito mellor, pero se deixamos de falar galego deixaremos de ser galegos, seremos calquera outra cousa..., concluíu nun determinado momento. Foi crítico cos grupos musicais por empregar o carácter instrumental das pezas para minimizar o uso da lingua galega e afirmou que nos próximos tempos pretende que no seu traballo musical teña unha importancia fundamental o texto.

Coma sempre o debate posterior, moderado por Ánxeles Bouzó, da Xunta de Goberno do IEM, estivo animado e centrouse especialmente nas cuestións antes sinaladas.



Xabier Groba, Antón Seoane e Ánxeles Bouzó antes de iniciar a Tertulia. (Foto: C. Xuíz)

Puxo remate ás **Tertulias** do curso 2003-04 o biólogo, e tamén miñorano de vocación e longa residencia de verán, do Instituto de Investigacións Mariñas do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) Uxío Labarta. Na actualidade é Director do Departamento de Fisioloxía dos Moluscos do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo, organismo dependente do CSIC, do cal foi director durante os anos 1990/94.



De esquerda a dereita, Antonio Lago, Uxío Labarta e Fernando Lahuerta. (Foto: Á. Bouzó)

Xusto naqueles días o seu nome andaba nalgúns medios de comunicación como posible Ministro de Pesca do goberno de Zapatero, que remataba de gañar as eleccións. Non falou diso Uxío Labarta na súa

charla, senón de ciencia, tecnoloxía e sobre todo de recursos mariños, aínda que non deixou de facer un repaso polos seus anos de deputado no Parlamento Galego (1994-98) tras encabezar a candidatura do PSdeG-PSOE pola circunscrición de Pontevedra.

Uxío Labarta desenvolveu polo miúdo a súa participación na xestión e dirección do sistema español de ciencia e tecnoloxía levada a cabo durante os anos 1970 e 1980, así como na creación e desenvolvemento do “Gabinete de Estudos da Presidencia do CSIC” e na dirección do “Programa especial do I+D en Acuicultura” e na xestión do “Primeiro Programa Nacional de Recursos Mariños e Acuicultura da Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía”. Aspectos estes que sinalou, na presentación do convidado, o profesor Fernando Lahuerta, membro da Xunta de Goberno do IEM, así como lembrou o seu labor de divulgación, entre o que salienta un libro xa clásico *A Galicia mariñeira*.

A última das **Tertulias** foi moderada polo secretario do IEM Antonio Lago, quen anunciou que o Instituto de Estudos Miñoranos estaba xa naquela altura deseñando o ciclo do curso 2004-05.

## ***Aillados e Tempos do volfram, dous documentais de Antonio Caeiro***

O venres 23 e o sábado 24 do pasado abril proxecciónanse en Gondomar dous vídeo-documentos de Antonio Caeiro.

*Aillados*, con guión de Xoán A. González, Antonio Caeiro e Clara M<sup>a</sup> de Saa, é un traballo de investigación, que se prolongou durante oito anos, trazado cunha metodoloxía de historia oral. É a historia do penal da illa de San Simón durante os

anos da Guerra Civil española (1936/39), contada polos seus protagonistas. Foi realizado por Antonio Caeiro a partir de horas e horas de gravación, onde se reflicten a emoción e a traxedia daqueles anos que deron lugar a este vídeo dunha hora de duración.

Baixo o mesmo título de *Aillados*, e co subtítulo de *A memoria dos presos de 1936 na illa de San Simón*, foi publicado en formato de libro. Nel, partindo do guión do vídeo e agrupados en capítulos temáticos,


van aparecendo os relatos dos distintos protagonistas daquel presidio, xunto cun diario, cartas, fotos, debuxos e poesías realizadas polos propios presos. A illa de San Simón perdeu a súa vella historia de cenobio e lazareto para converterse en memoria da cruenta guerra civil. Neste vídeo-documento podemos recuperar na emoción e nos silencios das voces dos seus protagonistas un dos episodios máis tristes da nosa recente historia.

No auditorio Lois Tobío proxectouse tamén *A memoria nos tempos do volfram*, baixo un guión do propio realizador Antonio Caeiro. O documental relata os acontecementos vividos ao comezo da Segunda Guerra Mundial cando un mineral, o volframio, se fixo extremadamente necesario para a Alemaña de Hitler. Galicia, e moi especialmente as minas d'O Fontao, no concello pontevedrés de Vila de Cruces, convértese así nunha especie de "Dourado" para moitos que buscaban diñeiro fácil e/ou traballo naqueles difíciles anos da posguerra española. Mineiros, aventureiros, guerrilleiros, gardas civís e presos políticos entrecruzaron as súas vidas naqueles anos polos montes galegos. O documental é pois

a historia daquelas persoas contada por elas mesmas.


Ambas proxeccións foron organizadas polo IEM e tiveron a fortuna de poder contar coa presenza do seu realizador Antonio Caeiro, veciño da vila de Gondomar, quen participou tanto na presentación dos dous documentais como nas conversas posteriores á proxección.

Pódense pedir copias dos dous documentais a Producións e Multimedia, Rúa da Rosa 33- Romero Donallo 45 galerías Praza Ensanche – Local 34, 15.701- Santiago de Compostela, ou ben nos teléf. 981 936 859 ou 652 428 189.



Antonio Caeiro durante a presentación dos seus documentais acompañado de Xosé Luis Mosquera, concelleiro de cultura de Gondomar, e Carlos Méixome. (Foto: Á. Bouzó)

## Dous libros de fotografías e textos. *Imaxes para a memoria e Baiona nas ondas do tempo*



**D**ende o inicio das súas actividades o Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) tivo unha permanente preocupación pola imaxe fotográfica.

Baste con lembrar que a primeira actividade pública do IEM foi a exposición *O Val Miñor nos albores do século XX*, que por certo aínda agora, cinco anos despois da súa inauguración, acaba de estar colgada nas paredes do colexio baionés de Covaterreña. Nela recóllense máis de sesenta fotografías do Val, a inmensa maioría do primeiro terzo do século XX.

Xa naquel momento o IEM puxo en




Mesa do acto de presentación do libro *Imaxes para a memoria* no Restaurante Altamira de Nigrán. De esquerda a dereita: Xosé Lois Vilar Pedreira, Xosé Luís Mosquera Veleiro, Aurora Carvajal, Ana María Rodríguez, Ánxeles Bouzó e María Xosé González Chamorro. (Foto: Ani)

marcha o Arquivo da Imaxe e do Son do Val Miñor, que dirixe a profesora Ánxeles Bouzó. O traballo constante foi dando lugar a un arquivo fotográfico, de características que poderíamos denominar histórico, que supera, en moito, as mil imaxes. Deste fondo, que afortunadamente vai en aumento, tirouse un primeiro traballo en forma de libro: *Imaxes para a memoria*. Nel deseñouse un formato: unha foto do primeiro terzo do século XX comentada por un veciño ou veciña do Val Miñor de comezos do século XXI. Foron, pois, case sesenta fotos e sesenta textos. O libro, esgotado, tivo unha enorme acollida. Esa aceptación foi a que empurrou ao Arquivo da Imaxe e do Son do IEM a iniciar unha nova aventura: repetir o formato fotografía-texto, tomando agora cada un dos concellos do Val. Esta nova iniciativa concreouse coa publicación de *Baiona nas ondas do tempo*. Nesta ocasión recolléronse 65 fotografías, acompañadas cada unha delas do seu correspondente texto.

O primeiro dos libros, *Imaxes para a memoria*, tivo a súa posta de longo nun acto presentado por M<sup>a</sup> Xosé González Chamorro que tivo lugar o mércores 10 de decembro de 2003 no Restaurante Altamira. No mesmo interviñeron a Directora do Arqui-

vo de Imaxe do IEM, Ánxeles Bouzó, e o/as responsables de cultura dos tres concellos miñoranos: Xosé Luís Mosquera (Gondomar), Ana M<sup>a</sup> Rodríguez (Baiona) e Aurora Carvajal (Nigrán) e o membro da Xunta de Goberno do IEM Xosé Lois Vilar.

Pola súa banda, o acto de presentación de *Baiona nas ondas do tempo* tivo lugar o 27 de xullo de 2004, na Praza do Concello de Baiona. Presentado por Carlos Méixome, director do IEM, interviñeron Xosé Lois Vilar, do Instituto de Estudos Miñoranos; Ana María Rodríguez, concelleira de cultura e Carlos de la Peña, alcalde de Baiona. A seguir dezasete homes executaron a danza das espadas, seguindo a música da Banda Municipal. As figuras da ponte, a estrela, a piña, o saúdo... tiraron os aplausos sinceros e sentidos dos presentes, que por primeira vez na historia de Baiona asistiran por centos ao nacemento dun libro.



Presentación do libro *Baiona nas ondas do tempo*. De esquerda a dereita: Carlos Méixome, Carlos de la Peña, alcalde de Baiona; Ana María Rodríguez, concelleira de Cultura e Xosé Lois Vilar Pedreira. (Foto: Rosana Estévez)

## Consideracións sobre a resolución do barco da Foz

O 24 de xuño, unha Resolución da “Dirección General de Costas. Subdirección General de Gestión del Dominio Público Marítimo Terrestre” (reproducida íntegramente ao remate destas consideracións) negaba a concesión de ocupación de bens do dominio público marítimo-terrestre con destino á instalación dun barco restaurante no lugar da Foz do Miñor, o que significa que a plataforma de ferro con forma de barco fluvial que dende outubro do 2002 está arimada ao paseo da Ramallosa non pode permanecer por máis tempo na Foz.

A irracionalidade que comezou coa presenza desta mole de ferro na Foz nunha mañá de outubro do 2002, cos parabéns naquel entón do concello de Nigrán (que posteriormente en sesión plenaria manifestou o seu desacordo) e unha autorización provisional polo prazo de 1 ano para fondeo e reparación, sen ningún tipo de actividade, remata agora con esta resolución que nega a ocupación definitiva e inicia o camiño para devolver a Foz ao seu estado de sempre. Que sexan as garzas, os corvos mariños, as gaivotas, os mazaricos, ou tantos outros paxaros que descansan aquí durante as súas migracións, os ele-


mentos máis característicos e rechamantes no noso paseo arredor do esteiro.

Son catro as razóns polas que se nega este permiso de ocupación definitivo:

- A actividade que se pretende realizar, restaurante, non ten un interese público.
- O rexeitamento social que provoca.
- Na Foz existe unha concesión marisqueira, e o titular da mesma (a Confraría da Anunciada) oponse a tal instalación.
- O estudo de impacto ambiental presentado non deixa de ser unha serie de consideracións teóricas e non conclúe nada sobre o impacto causado no ecosistema coa instalación da plataforma-barco.

Destas catro razóns paga a pena detérmolos, aínda que sexa brevemente, nas dúas primeiras: a falta de interese público e o rexeitamento social.


Promulgada no ano 1988, a Lei 22/1988 de Costas ten como obxecto garantir o carácter público da costa, o seu uso e gozo por parte dos/as cidadáns, e a conservación da beiramar; e para acadar estes obxectivos define o chamado Dominio Público Marítimo-Terrestre e establece unha serie de franxas paralelas á liña do mar nas que se dictan restricións á propiedade, ás obras a realizar e ás instalacións que nelas se poidan situar.



O Dominio Público Marítimo-Terrestre (DPMT) está formado por todos os terreos comprendidos entre a liña de baixamar escorada (maior marea baixa equinocial) e o límite máximo que acadan as ondas nos maiores temporais coñecidos e comprobados, sexa cal sexa a súa propiedade, a súa orixe ou as súas características. Nestes terreos que conforman o DPMT o Estado resérvase o dereito de autorizar a súa ocupación só unicamente por aquelas actividades ou instalacións que pola súa natureza non poidan ter outra localización.

Isto significa que só en caso de forza maior (un estaleiro, un porto, ou calquera outra actividade industrial que “necesite” do mar) os/as cidadáns veremos limitado o noso dereito a gozar da beiramar en toda a súa plenitude e naturalidade, e semella claro, tal e como alegou o Instituto de Estudos Miñoranos no Trámite de audiencia, que: “... *para servir comidas, cafés, etc ... resulta obvio que no es necesaria tal ocupación* (do DPMT) ... “ polo que é difícil de entender como sendo tan clara a Lei de Costas pretendeuse ocupar o DPMT cunha cafetería, e como o Servicio de Costas autorizou de forma provisional o fondeo do barco “*para reparación y sin ningún tipo de actividad*”, sabéndose como se sabía que o barco se fondeaba para convertelo “in situ” nunha cafetería.

No que respecta ao rexeitamento social, a Resolución da Dirección Xeral de Costas



A irracionalidade comezou coa presenza desta mole de ferro na Foz nunha mañá de outubro do 2002. (Foto: A. Bouzó)

indica que existe un informe favorable ao outorgamento da concesión remitido polo Alcalde-Presidente do concello de Nigrán o 11 de setembro do 2003, pero que este informe carece de valor xa que:

- O mesmo Concello de Nigrán, en sesión de Pleno celebrada o 22 de novembro do 2002, aprobou unha moción na que rexeitaba a instalación do barco na Foz do Miñor para o seu uso como establecemento hostaleiro, e pedía a súa retirada o antes posible. Esta moción (que foi precedida dunha declaración do Foro de Medio Ambiente do concello de Nigrán no mesmo sentido) pechou o inicial apoio á instalación do barco ofrecido desde o concello, e aínda que o acordo plenario foi recorrido polos propietarios, o pleno do concello desestimou tal recurso.
- Durante o trámite de información pública da solicitude de ocupación do DPMT presentáronse numerosos escritos de entidades sociais e particulares en contra de tal solicitude (un total de 8 escritos de alegacións e un escrito avalado por 650 sinaturas).

Non podemos, entón, máis que felicitarmonos por ter participado neste proceso de toma de decisións na defensa do mantemento dos valores e recursos naturais do noso Val como sustento dun desenvolvemento sostible, e de cara a novos e futuros proxectos facer noso o último parágrafo da declaración do Foro de Medio Ambiente do concello de Nigrán en outubro do 2002 con motivo da “aparición” do barco na Foz:

*“reclamamos ... (que as administracións) ... promovan activamente a participación dos e das cidadáns nos procesos de toma de decisión sobre aqueles proxectos e actuacións que nos afectan, e que se abandone unha política de planificación e xestión dos recursos baseada no escurantismo, na desinformación e nos feitos consumados.”*





MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE

SICREIARIN--PAAAJ--  
..m:lmj il

DIRECCIÓN GENERAL DE COSTAS  
Servicio Provincial de Costas de  
Pontevedra



O F C O

Servicio Provincial de Costas en Pontevedra  
REGISTRO SALIDA 1429

S/REF.  
NIREF. *CPC/mc.*

SR D. FERNANDO LAHUERTA MOURIÑO  
(INSTITUTO ESTUDIOS MIÑORANOS)

36350 - NIGRÁN

FECHA 24 de junio de 2004

ASUNTO REMISIÓN DOCUMENTACIÓN RELATIVA A  
DENEGACIÓN CONCESIÓN SOLICITADA POR DÑA  
MERCEDES Y D. GONZALO SILVA TEIRA, EN  
DEMANDA DE OCUPACIÓN DE TERRENOS DE D.P.Mo  
T., CON DESTINO A LA INSTALACIÓN DE UN BARCO  
RESTAURANTE, EN EL LUGAR DE FOZ DO MIÑOR, A  
RAMALLOSA, T.Mo DE NIGRÁN.

En cumplimiento a lo solicitado por la Dirección General de Costas con fecha del pasado 26 de mayo de 2004, y para su conocimiento como interesado, adjunto se le remite fotocopia de la resolución relativa al expediente de referencia.



LA Jefa del Servicio de Gestión del D.P.M.T.,

Fdo.- *Cristina de Paz-Curbera y Llovet*



MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE

DIRECCIÓN GENERAL DE COSTAS  
Subdirección General de Gestión del  
Dominio Público Marítimo Terrestre

C-1903-PONTEVEORA  
JS/GL

*RESOLUCION*

Visto el expediente instruido por el Servicio de Costas de este Ministerio en Pontevedra, a instancia de Da. MERCEDES y D. GONZALO SILVA TEIRA, de concesión de ocupación de bienes de dominio público marítimo-terrestre con destino a la instalación de un barco restaurante en el lugar de Foz do Miñor, A Ramallosa, en el término municipal de Nigrán (Pontevedra).

ANTECEDENTES DE HECHO:

1) El deslinde del tramo de costa afectado por la petición fue aprobado por O.M. de 2 de marzo de 1976.

11) Las obras consisten en el fondeo un barco que se destinará a restaurante. El restaurante tendrá una capacidad para 100 personas y tiene previsto la apertura de un bar con capacidad para 50 personas. El barco está permanentemente fondeado y amarrado al muelle.

111) Sometida la petición a la reglamentaria información pública, se presentaron las seis alegaciones en el Ayuntamiento, dos en el Servicio de Costas y 650 firmas, sin domicilio concreto, en contra de la petición.

La Cofradía de Pescadores "La Anunciada" de Baiona solicita que sea denegada la petición por interferir con la actividad de marisqueo y por que la actividad supondrá contaminación.

D. Rodolfo Rego y otros manifiestan que la marisma está protegida como refugio de aves y consideran que un barco de las dimensiones como el que se pretende fondear rompe la perspectiva del paisaje y está en desacuerdo con la extensión de la marisma por lo que supone una alteración del ecosistema de la misma.

La Asociación "A Groba" manifiesta que el lugar donde se pretende fondear el barco está propuesto por la Consejería de Medio Ambiente la Junta de Galicia para que forme parte de la red Natura 2000. Asimismo, hace una serie de consideraciones sobre los grupos electrógenos para refrigeración, la pintura del mismo y el barniz utilizado en la madera de exteriores.

Plaza San Juan de la Cruz s/n  
28071 Madrid  
TEL.: 91 5976000



MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE

El Instituto de Estudios Miñoranos manifiesta que el proyecto tiene una gran falta de rigor y considera que el impacto ambiental es elevado.

La Coordinadora para Estudios de los Mamíferos Marinos se manifiesta en el mismo sentido de las alegaciones anteriores añadiendo que dada la novedad de la actividad se necesita la presentación de un informe de impacto ambiental.

La Asociación Gallega de Mariscadores (AGAMAR) también se manifiesta en el mismo sentido e incluso indica que el fondeo del barco produce erosión en la orilla opuesta y una zona de sombra en la orilla de fondeo y por tanto propone que se desestime la petición.

Finalmente, se presenta un escrito, firmado por 650 personas, el que se solicita que se desestime la petición debido a que existe una concesión marisquera en la zona, que está propuesta para formar parte de la Red Natura 2000. Los valores inherentes de esta zona húmeda y paisajística se alterarán si se otorga la concesión y se verán afectados por razón de los recursos naturales que supone marisquero como por el mantenimiento de la calidad de Foz como lugar de refugio de invernada de aves en su paso migratorio.

Efectuada la información oficial, los informes recogidos manifestaron lo siguiente:

- El Ayuntamiento de Nigrán, inicialmente, con fecha 13 de agosto de 2001, en la iniciación del trámite de información pública y oficial, informó favorablemente la propuesta. Posteriormente el citado Ayuntamiento en sesión del pleno celebrado el 29 de noviembre de 2002 acordó: 1º "Rechazar la instalación de un barco en la Foz do Miñor para su uso como establecimiento hostelero, ya que supondría un obstáculo para un desarrollo sostenible de la comarca, basado en su valores naturales. 2º "Instar a todas las administraciones con competencias en la ubicación del barco, en especial al Servicio Provincial de Costas y a la Consejería de Medio Ambiente, para que tomen las medidas oportunas para que éste se retiren lo antes posible de la Foz do Miñor". Este acuerdo fue recurrido por los peticionarios el Ayuntamiento mediante acuerdo rechazó el recurso interpuesto.

- La Delegación Territorial de la Consejería de Pesca y Asuntos Marítimos de la Xunta de Galicia, con fecha 25 de marzo de 2003, informa, acompañando un informe del biólogo de la zona, lo siguiente: "A mayor abundamiento, se hace constar que como también se menciona en el informe biológico que se envía, la Cofradía de Baiona tiene una autorización administrativa otorgada por Orden del Ministerio de Comercio de fecha 8 de mayo de 1974, que comprende una superficie de 3.000.000 de metros cuadrados, situada en la ensenada de Baiona, Distrito Marítimo de Baiona."

"A este respecto cabe señalar que de conformidad con lo dispuesto en la ley 6/1993, 11 de mayo, de Pesca de Galicia, en su artículo 10, punto b), la autorización administrativa es un título administrativo habilitante por el que se otorga un uso privativo normal de bienes de dominio público marítimo o marítimo terrestre, a título precario, para su explotación o utilización en régimen de exclusividad de los mismos, para el aprovechamiento racional o de semicultivo de determinadas especies marinas de un banco natural".

".....En resumen, a la vista de la normativa vigente y del informe biológico, esta Delegación Territorial no puede informar de forma favorable la solicitud de concesión en el Concello de Nigrán..."

MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE

- La Consejería de Cultura, Comunicación Social y Turismo, con fecha 22 de abril de 2003, informa que: "desde el punto de vista turístico, la propuesta resulta interesante, tanto por la novedad representa, como por su atractivo, no existiendo inconveniente por esta administración al desenvolvimiento la actividad pretendida, siempre y cuando cumpla con los requisitos exigidos por la normativa turística vigente y cuente con la preceptiva autorización.

IV) El Servicio Periférico al elevar el expediente a la Dirección General de Costas, informa lo siguiente:

"1ª En los archivos de este servicio no constaban los antecedentes relativos la autorización otorgada por el Ministerio de Comercio, con fecha a hecho de mayo de 1974, a la Cofradía Sindical de Pescadores de Baiona, para la explotación de los terrenos de dominio público marítimo terrestre de la Ensenada de Baiona. No obstante, la condición primera de dicha autorización, se dice que se otorga en precario, por un período de diez años, prorrogables a petición de dicha entidad. No se aportan por la Cofradía las prórrogas correspondientes. Dicha autorización, de acuerdo con la Ley de Costas vigente, vencería transcurridos treinta años desde su otorgamiento, esto es en mayo 2004, ello con independencia de las disposiciones legales la Consejería de Pesca a las que se hace alusión en su informe del pasado 25 de marzo de 2003.

2ª) En la condición cuarta del título administrativo otorgado a la mencionada Cofradía, se dice que la autorización queda supeditada a la fijación de un canon de ocupación. Sobre dicho extremo, este Servicio no tiene constancia de que se hayan satisfecho cantidad alguna por tal concepto, a pesar de que, de acuerdo con el mencionado informe de la Consejería de Pesca y de diversas alegaciones presentadas, se ha venido explotando dicha zona, con una superficie de 3.000.000 metros cuadrados, en régimen de exclusividad.

3ª) Este Servicio de Costas, a requerimiento de los peticionarios, y a la vista del pronunciamiento favorable del Ayuntamiento de Nigrán de fecha 13 de agosto de 2001 y de escrito de la Consejería de Medio Ambiente 4 de junio 2002, autorizó, de forma provisional, y por el plazo de un año, el fondeo del barco en dicha zona, para reparación, y sin ningún tipo de actividad. El plazo rematará el próximo 20 de septiembre del presente.

4ª) Respecto del impacto, tanto ambiental como paisajístico o visual que el barco puede provocar en la zona, se adjunta reportaje fotográfico al respecto, así como la documentación, que, en este sentido, aportan los peticionarios relativa a otras zonas en donde se viene desarrollando una actividad similar.

5ª) Respeto a los vertidos producidos por dicha embarcación, se adjunta documentación presentada por los peticionarios consistente en un informe y un escrito del Ayuntamiento de Nigrán, de fecha 3 de septiembre de 2002, no oponiéndose, en principio a que dicho el vertido se puede efectuar a través de la red de saneamiento municipal."

VI) En aplicación del artículo 84 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común se concedió plazo de vista y audiencia a los interesados en el transcurso del cual los interesados presentan escritos de alegaciones en los que manifiestan lo que se expone a continuación de una forma resumida:



MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE

Con fecha 13 de junio de 2003, el interesado presenta una memoria ambiental de las instalaciones en el que se alcanza a las siguientes conclusiones: "la actividad de barco-restaurantes se considera compatible con el resto de actividades presentes en la Ría de Foz y con la preservación de los hábitats de especies protegidas en este lugar de interés comunitario.

No obstante, debido a sensibilidad de los ecosistemas de transición (fluvio-Marino) y a su gran riqueza en especies, se realizan las siguientes recomendaciones:

- Realizar el seguimiento los impactos ambientales definidos en este estudio.
- Llevar a buen término las medidas correctoras propuestas.
- Mantener un diálogo fluido con las administraciones competentes en materia de protección ambiental de regulación del marisquero.
- Realizar un estudio adecuado antes de realizar un cambio de emplazamiento, si éste fuera necesaria.
- Por último, dejar constancia de que las valoraciones realizadas se han basado en datos y observacionales y bibliográficos, así como en los conocimientos propios de las profesionales que firman este estudio y, sin embargo, la complejidad de los factores que influyen en el equilibrio ecológico de la marisma obligan a establecer la cautela suficiente que motiva el establecimiento de una serie de medidas para el "seguimiento de impactos".

Con fecha 21 de julio de 2003, el Instituto de Estudios Miñoranos presenta escrito de alegaciones en el y manifiesta lo siguiente:

Primero incidir en lo ya manifestado en escritos anteriores

El impacto paisajístico y visual del proyecto sometido a expediente, difícilmente se puede evaluar con la documentación que aportan los peticionarios

El impacto visual y paisajístico deberemos calibrarlo por la fragilidad sistema en el que se pretende instalar la plataforma barco.

La Asociación "A Groba" presenta escrito, con fecha 21 de julio de 2003, en el que manifiesta que las instalaciones pretendidas son contrarias lo dispuesto en el artículo 60 del Reglamento General para el desarrollo y ejecución de la Ley 22/1988 de 28 de julio de Costas.

Con fecha 7 de julio de 2003, D. Adolfo Regó Pérez y otros presentan escrito reiterando se las alegaciones presentadas con anterioridad.

Con fecha 15 de agosto de 2003, la Cofradía de Pescadores "La Anunciada" presente escrito de alegaciones en el que manifiesta lo que se expone a continuación de una forma resumida:

Lo solicitado es un uso incompatible con la protección del medio ambiente



MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE

Los solicitados suponen un perjuicio los derechos adquiridos de explotación racional y de los recursos naturales por parte de la cofradía y finaliza su escrito solicitando que se deniegue la concesión.

Con fecha 30 de julio de 2003, los interesados presentan escrito de alegaciones en el que manifiesta en los siguientes:

1º) El Ayuntamiento en primera instancia, el 13 de agosto de 2001, se pronunció favorable a la actividad propuesta, posteriormente, en el pleno 29 de noviembre de 2002, se propone el rechazo de la instalación.

2º) La Delegación Territorial de Pontevedra de la Consejería de Pesca y Asuntos Marítimos, con fecha 25 de marzo de 2003, adjunta informe biológico desfavorable alegando que existe una autorización de marisqueo a nombre de la cofradía de pescadores de Baiona. El régimen de exclusividad se entiende referido a la actividad de marisqueo no a la ocupación del dominio público marítimo terrestre. Además la actividad pretendida no resulta incompatible con la actividad de marisqueo.

3º) El asesoramiento técnico respecto a la modificación de la dinámica de la zona provocada por la instalación en ella del buque restaurante presentado, aunque emitido por científicos conocidos por un interesante y continuado trabajo de investigación en la zona, resulta escueto y falto de argumentación.

4º) El impacto visual en el lugar escogido, paralelo al Paseo marítimo y coincidiendo con el frente de casas situado al pie de la carretera, se considera mínimo, máxime al tratarse de un asentamiento claramente urbano y, por ende, muy humanizado.

5º) Respecto a la memoria técnica realizada por Licenciada en Ciencias del Mar, Da. Beatriz Nieto Novoa, en calidad de asistencia técnica de la cofradía de pescadores de Bayona, resulta atrevido y falto de argumentos científicos o técnicos por el que se declara que el efecto del barco fondeado es equivalente a un relleno por afectar a una superficie de 400 metros cuadrados, cuando en realidad el barco está a expensas de las mareas, cambios de flujo debidos a sucesos torrenciales y a los debidos a la propia actividad marisquera. Así mismo, el barco se conectará al alcantarillado público y existe un compromiso de limpieza y continuo mantenimiento del entorno.

Acompaña a su escrito informe de la Consejería de Medio Ambiente favorable a la instalación del bar siempre y cuando se conecte al alcantarillado, se eviten ruidos inadecuados y la iluminación sea indirecta. Asimismo, se informa que la situación de fondeo quedará supeditada a los resultados del seguimiento que se realice sobre la acumulación de sedimentos bajo la superficie y sus efectos sobre la dinámica de las corrientes.

VII) Con fecha 11 de septiembre de 2003, el Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Nigrán remite escrito apoyando las instalaciones solicitadas.



MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE

VIII) Con fecha 26 de septiembre de 2003, el Servicio de Costas en Pontevedra remite un informe favorable, emitido por la Dirección General de Comercio de Medio Ambiente de la Xunta de Galicia, al informe ambiental presentada por los interesados.

IX) Con fecha 23 de octubre de 2003, la Asociación de vecinos "A GROBA" solicita que sea retirado el barco del lugar en el que se encuentra al haber finalizado el proceso de fondeo. Con fecha 27 de octubre de 2003 el Instituto de Estudios Miñoranos remite un escrito en los mismos términos que el comentado anteriormente.

#### CONSIDERACIONES JURIDICAS:

1) Según el artículo 31.1 de la Ley de Costas, la utilización del dominio público marítimo-terrestre y, en todo caso, del mar y su ribera será libre, pública y gratuita para los usos comunes y acordes con la naturaleza de aquél, tales como pasear, estar, bañarse, navegar, embarcar y desembarcar, varar, pescar, coger plantas y mariscos y otros actos semejantes que no requieran obras e instalaciones de ningún tipo y que se realicen de acuerdo con las Leyes y Reglamentos. Asimismo, según el artículo 31.2 de la Ley de Costas, los usos que tengan especiales circunstancias de intensidad, peligrosidad o rentabilidad y los que requieran la ejecución de obras e instalaciones sólo podrán ampararse en la existencia de reserva, adscripción, autorización y concesión, con sujeción a lo previsto en la Ley de Costas, en otras especiales, en su caso, y en las normas generales o específicas correspondientes, sin que pueda invocarse derecho alguno en virtud de usucapión, cualquiera que sea el tiempo transcurrido.

Asimismo, el artículo 32.1 de la Ley de Costas establece que únicamente se podrá permitir la ocupación del dominio público marítimo-terrestre para aquellas actividades o instalaciones que, por su naturaleza, no puedan tener otra ubicación.

La LC sustenta como principio que, en garantía de ese uso común, deberán removerse todas aquellas situaciones que supongan un obstáculo efectivo a la accesibilidad de las personas, lo cual es algo incuestionable: uno de los fines expresamente declarados de la actuación administrativa en este demanio es garantizar el uso público del mar v restantes pertenencias demaniales; así, la protección del dominio público marítimo-terrestre implica el propio reconocimiento de ese derecho al uso común (artículo 31) y la declaración sobre el carácter excepcional de las ocupaciones de este demanio (artículo 32) abundan en ese mismo principio.

Por ello la Administración solamente debe otorgar, mediante concesión, el uso exclusivo de una parte del dominio público cuando de dicha utilización deriva una ventaja para el interés público (Sentencias de la Audiencia Nacional de 12 de noviembre de 1999 y de 26 de noviembre de 1999). Esta ventaja, tal como señala la Sentencia del Tribunal Supremo de 6 de mayo de 1999, una más racional o productiva utilización del dominio público, es la causa del otorgamiento de la concesión de dominio público, esto es, la competencia estatal en orden al otorgamiento de autorizaciones y concesiones en el demanio costero vendrá determinada en atención a los fines públicos que justifican la existencia del dominio público.

Así, por lo que se refiere a la doctrina jurisprudencial del Tribunal Supremo, en la medida en que estaba en juego el otorgamiento o no de una concesión con efectos en el dominio público marítimo-terrestre, el citado Tribunal ha partido de la premisa de que no existe



MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE

un derecho del particular a la obtención de la concesión ya que la Administración goza de una potestad discrecional en su otorgamiento, lo que no significa que la Administración no tenga que examinar detenidamente las diferentes circunstancias concurrentes en cada caso en concreto (STS de 14 de mayo de 1997, Sala 3.a, Sección 3.a).

Los fines públicos deben prevalecer y, en su caso, desplazar a los fines privados, cuando se contradicen, es lógico que el Ordenamiento jurídico proteja de manera especial la satisfacción de la finalidad pública pretendida por la Administración. En el caso concreto la ocupación objeto de solicitud en ningún momento tiene un interés público, ya que la actividad solicitada, restauración, puede llevarse a cabo fuera del dominio público, en consecuencia, las instalaciones en su totalidad pueden considerarse contrarias al dispuesto en el artículo 32 de la ley 22/1988, de 28 julio de costas.

2) Además el informe remitido por el Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Nigrán, con fecha 11 de septiembre de 2003, favorable al otorgamiento de la concesión no puede considerarse que desestime el informe realizado por el Pleno del Ayuntamiento, en consecuencia, el informe del Ayuntamiento debe considerarse desfavorable. Por otra parte, en el expediente existen numerosos escritos oponiéndose al otorgamiento de la concesión lo que corrobora el informe desfavorable al otorgamiento de la concesión por parte del Pleno del Ayuntamiento de la localidad.

3) Asimismo, la Consejería de Pesca y Asuntos de la Junta de Galicia no se ha pronunciado sobre la vigencia de la concesión de marisqueo otorgada a la cofradía de pescadores "La Anunciada". En consecuencia, debemos suponer que la concesión de marisqueo sigue vigente y su titular se ha opuesto a las nuevas instalaciones.

4) Por otra parte, el estudio de impacto ambiental presentado por el peticionario no se puede considerar concluyente, en sus conclusiones finales, en el último párrafo, se reconoce que el mismo está basado en datos teóricos pero que la realidad es, sin lugar a dudas, más compleja. En consecuencia, en virtud del principio de precaución procede la denegación de la concesión solicitada.

ESTA DIRECCION GENERAL, POR DELEGACION DE LA EXCMA. SRA. MINISTRA, HA RESUELTO:

Denegar la concesión, solicitada por Da. MERCEDES y D. GONZALO SILVA TEIRA, de ocupación de bienes de dominio público marítimo-terrestre con destino a la instalación de un barco restaurante en el lugar de Foz do Miñor, A Ramallosa, en el término municipal de Nigrán (Pontevedra).

Contra la presente resolución que pone fin a la vía administrativa los *interesados en el expediente que no sean Administraciones Públicas* podrán interponer con carácter potestativo recurso de reposición en el plazo de un (1) mes ante la Excm. Sra. Ministra de Medio Ambiente o, directamente, recurso contencioso-administrativo, en el plazo de dos (2) meses, ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo de la Audiencia Nacional.





MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE

Las *Administraciones Públicas* podrán interponer recurso contencioso-administrativo, en el plazo de dos (2) meses, ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo de la Audiencia Nacional, sin perjuicio de poder efectuar el requerimiento previo en la forma y plazo determinados en el artículo 44 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Los plazos serán contados desde el día siguiente a la práctica de la notificación de la presente resolución.


Madrid, 10 de Junio de 2004

POR DELEGACION

(O.M.4 de mayo de 2004, B.O.E. de 7 de mayo)

EL DIRECTOR GENERAL

Fdo: José Fernández Pérez



## Exposicións do IEM

O Instituto de Estudos Miñoranos comezaba as súas actividades públicas, aló polo agosto do ano 2000, coa exposición fotográfica *O Val Miñor nos albores do século XX*. Ao ano seguinte, en xuño de 2001, inaugurabamos unha celebrada exposición sobre petroglifos. As dúas seguen vivas e dando voltas. A primeira estivo este ano visitando o colexio baionés de Cova-

terreña e, unha pequena parte dela, o Café Rañolas de Gondomar.

Pola súa banda a exposición de petroglifos estivo no colexio de Tomiño e máis no Pazo de Mós con motivo da Festa da Prehistoria que organiza a Asociación Xuvenil MOS-KEO. Con este motivo pronunciaron sendas conferencias os membros do Instituto de Estudos Miñoranos, Xosé Lois Vilar, o sábado 31 de xullo, e Rosa Villar e Eduardo Méndez, o venres seis de agosto.

## QUAE VISA PLACENT Ao velas agradan

Entre o 7 e o 23 de xullo, no luminoso recibidor do IES Auga da Laxe de Gondomar, permaneceu aberta a exposición **QUAE VISA PLACENT** organizada polo Instituto de Estudos Miñoranos en colaboración coa Concellería de Cultura de Gondomar. Na mesma participaron os pintores **Antonio Quesada, Antón Abreu Bastos, Pepe Mantilla, Armando Guerra, Elsa Pérez Vicente** e o escultor **Fernando Casás**. Todos residentes no Val Miñor e cunha traxectoria artística recoñecida.



De esquerda a dereita: Fernando Casás, Armando Guerra, Antonio Quesada, Elsa Pérez Vicente, X.L. Mosquera (concelleiro de cultura), Antón Abreu, Pepe Mantilla e Carlos Silva (alcalde de Gondomar) o día da inauguración da exposición. (Foto: C. Xuíz).

Antón Abreu participou con catro obras, catro óleos sobre tea que deixaban intuír parte do seu periplo artístico:

*No reservado* de 1964 (1,20 x 0,80), *Pesadelo* de 1974 (1,00 x 1,30), *Espazo romántico* de 1985 (0,73 x 1,00) e *Paisaxe do Pego Negro* de 1988 (0,89 x 1,16). Mentres Armando Guerra ofreceunos cinco óleos tamén sobre tea todos eles deste mesmo 2004: *Reduccionismo ocre* (1,62 x 1,30), *Reduccionismo cidade* (1,62 x 1,30), *Proceso de interior* (1,62 x 1,30), *Elemento vexetal* (1,62 x 1,30) e *Figura con interior* (0,82 x 1,02).

Elsa Pérez Vicente mostrounos catro obras: *Maternidade I* en pastel sobre papel do ano 2000 (0,70 x 0,50). Do mesmo ano, en técnica mixta sobre papel, expuxo *Maternidade II* (0,70 x 0,50) e *Tango* (0,50 x 0,35). De 1990 era a obra *India*, tamén en técnica mixta sobre papel (0,70 x 0,50).

Pola súa banda, Pepe Sanjurjo Mantilla presentou unha serie de tres óleos sobre tea realizados entre 1997 e 2003 cun único tema: a *Protesta pola mala restauración das "Meninas"*. Os tres impactantes cadros de grandes dimensións (1,95 x 1,68) estiveron acompañados por un retrato: *Don Paco Fernández del Riego*, tamén un óleo sobre tea de 0,54 x 0,40.


Antonio Quesada acudiu con cinco óleos sobre tea de dimensións variables: *Paisaxe ocre* de 1985 (0,89 x 1,16), *Telúrico* de 1995 (0,97 x 1,30), *Xénese* de 1999 (0,97 x 1,30), *Presaxio de tormenta* de 1999 (0,89 x 1,16) e *Móbil* de 2000 (0,97 x 1,30).

Finalmente, Fernando Casás achegou dúas esculturas ben diferentes: a primeira, *Dimensión possível*, de medidas variables realizada con troncos e pigmento azul data da en 1991; mentres que *A casa do curupira 9*, realizada en madeira e poliéster entre 1992 e 1994, cunhas dimensións de 0,78 x 1,25 x 1,30.

No acto inaugural, que xuntou unha boa chea de veciños e veciñas do Val Miñor e contou coa presenza dos seis expositores, interveu a Coral de Alumnos do IES Escolas Proval de Nigrán dirixida polo profesor David Piñeiro. Así mesmo, interviron o comisario da exposición, Alfonso Soliño Troncoso, o concelleiro de Cultura, Xosé Luís Mosquera e o alcalde de Gondomar, Carlos Silva Mariño, que foron presentados polo director do IEM Carlos Méixome.

Non queremos deixar pasar a oportunidade de recoller neste número da Revista de Estudos Miñoranos as palabras que pronunciou o comisario da exposición, á vez que Director da Sección de Arte e Patrimonio do IEM, Alfonso Soliño Troncoso:

*“Estamos aquí para asistir á inauguración dunha mostra de arte que quixemos bautizar co nome de QUAE VISA PLACENT, é dicir, “as cousas ao velas pracen”; as cousas que agradan ou emocionan. É complexo buscar unha tradución literal pero, para o caso, podería admitirse calquera das citadas. A QUAE nace coa intención de achegar as artes ás xentes, dando, se cabe, un complemento cultural máis no verán gondomareño. Para iso deseñouse, desta vez, unha exposición restrinxida á pintura*



O Comisario da Exposición, Alfonso Soliño Troncoso nos momentos previos á inauguración. (Foto: Cruz Xuíz)

*e á escultura de artistas residentes e nativos do Val Miñor de relevante traxectoria. A elección permítenos contemplar obras dos pintores Abreu Bastos, Elsa Pérez Vicente, Antonio Quesada, Armando Guerra e Pepe Sanjurjo, así como do escultor Fernando Casás, sendo unha casualidade que, se consideramos como quinta provincia a Arxentina, están representadas as cinco provincias galegas no conxunto de artistas expositores.*

*Esta oportunidade vainos permitir sentir tantas sensacións e emocións distintas como canta é a variedade de estilos que os autores nos amosan. As cores, as formas, os materiais, o concepto e a temática son distintos.*

*Se facemos unha breve referencia a cada un deles poderíamos dicir que:*

*As obras que Abreu nos ofrece hoxe son identificativas de distintas etapas do autor. A súa figuración expresionista inicial vaise transformando nunha etapa abstracta e suavizada nas formas e nas cores deixando á beira o forte cromatismo inicial. Podemos adiviñar que a pintura máis próxima é máis onírica, con formas curvas e rotundas evolucionadas, despois dos seus comezos, de figuración expresionista influenciado pola pintura mexicana na primeira épo-*



Coral de Alumnos do IES Escolás Proval de Nigrán dirixida polo profesor David Piñeiro. (Foto: Cruz Xuíz)

*ca. Na súa obra advértense paisaxes mentais da súa terra natal, con abstraccións onde dominan os azuis, os amarelos... A súa pintura é de tendencias, con poder comunicador polo arranque emocional que emiten.*

*Elsa Pérez Vicente preséntanos obras de formas suaves, delicadas, impregnadas de tenrura. Domina o debuxo e expresa, cos seus procedementos pictóricos, un mundo cheo de soños e sensibilidade, inquedanzas e melancolía. Non abusa das cores, senón que as insinúa con leves toques de pastel.*

*Antonio Quesada preséntanos paisaxes que son realidade ensoñadas, case como se pretendese realizar unha expresión cromática do estado anímico. Parece que esquece as formas premeditadamente, pero suxestiona o abstraccionismo que reflicte. Estuda a composición de liñas, das formas e da harmonía cromática. As súas paisaxes son síntese de horizontes contemplados e idealizados que os transforma e os recrea con xogos de cores.*

*Na maior parte da obra de Pepe Sanjurjo Mantilla sempre aparece a figura humana. Nos cadros que hoxe nos amosa fai unha recreación moi persoal dunha circunstancia que a el lle pareceu escandalosa: a restauración das Meni-*

*nas do gran Diego Velázquez. Plasma nos seus cadros o "teórico" "desgusto do mestre ao coñecer a actuación restauradora e faino, ao seu xeito, cunha pintura impactante polo que ten de escura e pola carga de materia que lle suma ao lenzo. As cores resultantes son consecuencia de sucesivas capas de materia sobre materia que dan figuracións multicolor de textura rugosa. A obra exposta poderíase definir como un expresionismo figurativo crítico e burlesco.*

*De Armando Guerra poderíase dicir que executa obras de textura transparente. Preséntanos óleos con augadas que parecen semellar acuarelas. Os seus trazos son rotundos e firmes, rápidos como de primeira intención. Reflicte un expresionismo abstracto que xoga coa composición das cores e das formas. Esas cores superpóñense deixando transparentarse unhas sobre outras ofrecendo un resultado pictórico elegante polo que ten de cromático e de compositivo.*

*Ata o de aquí viñemos a comentar características de pintores, é dicir, de artistas que traballan en dúas dimensións e que acoden á perspectiva, á superposición de planos ou a outro sistema para representar a profundidade.*

*No caso de Fernando Casás, escultor fundamentalmente, esta representación faise máis doada. Fernando ten a posibilidade de plasmar as súas obras nas tres dimensións, pero iso non lle basta. Ten a ben recrear a maior parte das súas obras en tres, catro e cinco dimensións, pois aparte de largo, longo e alto, introduce o espazo e o tempo; incluso se apropia da luz e da sombra, do continente que acolle a obra e, todo iso, para transmitir unha inquedanza persoal. O seu traballo está ligado á natureza tanto en intencións como en conceptos, pois para el é fundamental a conservación do medio natural. Ten presente a ecoloxía*

como tema principal de debate, mergúilase na cosmoxía, na necesidade de contemplación e análise do medio en que vivimos, na reciclaxe de materiais. En conclusión, Fernando é un perfeccionista exquisito que non deixa nada ao azar e no que todo está milimetricamente pensado.

Feita esta pequenadescripción, permítanme aconsellarlles ver con contemplación as obras expostas sen vaguidade e tratando de descubrir os praceres e emocións que esconden, pois todas elas son produto dunha profunda análise para mitigar as inquedanzas do espírito. Suxírolles a visita repetida, pois ao ollo hai que o acostumar e o estado de ánimo debe ser o axeitado.

Hoxe nace a QUAEVISA PLACENT. Persoalmente, espero que teña sucesivas edicións con máis artes e máis artistas, aínda cando sexan menos coñecidos ou non todos residan no Val Miñor. A QUAE debe entenderse como unha mostra aberta.

Para rematar e non alongar máis o acto, teño a obriga de entrar no capítulo de agradecementos:

*En primeiro lugar, darlle as gracias a todos e cada un dos artistas participantes por prestarse a este encontro con tan boa disposición e amabilidade.*

*A Xulián Maure, membro do IEM, por proporcionarme unha frase tan axeitada para nomear a exposición. Á dirección do IES Auga da Laxe, pola cesión das instalacións para o acto, especialmente a Margarita polo seu bo talante e disposición. A Antón Mascato, director de Edicións do Cumio, pola súa maquetación e axuda na montaxe. Ao Concello de Gondomar, na persoa do Sr. alcalde Carlos Silva Mariño, pola coparticipación. Ao concelleiro de Cultura, Xosé Luís Mosquera Veleiro, por crer na iniciativa. A Carlos Méixome Quinteiro, director do IEM. Ao eficiente, constante e amable Antonio Lago. A Xilberte Manso e a Lois Vilar. A meu irmán Antonio pola súa axuda e a miña dona Mer pola súa paciencia. A todo eles moitas gracias por axudar a este proxecto fose posible. E, como non, a todos vostedes, por arrouparnos coa súa presenza. Moitas gracias e que gocen do exposto."*

## As XEIRAS do IEM. Verán 2004

**P**or terceiro ano consecutivo o IEM organizou unha serie de visitas guiadas, que demos en denominar XEIRAS, a distintos lugares de especial interese histórico, artístico, natural e paisaxístico do Val Miñor. Trátase de pequenos percorridos a realizar polas tardes dirixidos por especialistas no tema da visita e cun fin divulgativo que persegue ante todo dar a coñecer a veciños e visitantes algúns dos moitos valores patrimoniais deste noso Val. As XEIRAS realízanse nos

meses de xullo e agosto; están, pois, pensadas para este tempo de lecer do verán.

A primeira das XEIRAS deste ano foi a visita á Fraga de Oliveira. Como o ano anterior, o paseo por unha das paraxes naturais mellor conservadas e de máis interese das moitas coas que conta o Val Miñor. O percorrido, dacabalo dos concellos de Gondomar e Baiona, polas beiras do río da Groba, entre os lugares de A Granxa e Belesar en Baiona, e Aburlido e Oliveira en Gondomar, foi dirixido polo profesor e membro da Xunta de Goberno do IEM, Xilberte Manso.



O grupo atento ás explicacións de Xavier Groba. (Foto: Á. Bouzó)

Neste ano o percorrido acurtouse un chisco con respecto ao anterior. Aínda así a intensidade da fraga impresionou ás persoas que acudiron, algunhas por segundo ano consecutivo, xa que só cando estamos dentro dela podemos percibir a beleza e variedade de especies vexetais e animais que contén. Podemos pasar pola beira, ollala desde a estrada e non nos decataremos dos tesouros que agocha, nin do ritmo do tempo, tan diferente neste lugar.

A primeira das visitas deste ciclo das XEIRAS comezou ás seis da tarde do xoves primeiro de xullo no punto de reunión, no mercado de Sabarís, e de alí dirixímonos ata o Colexio de Belesar, onde comezamos a paseata que se prolongou ata o anoitecer.

A segunda das saídas foi tamén de carácter paisaxístico, aínda que dun maior esforzo para afrontala que a visita á Fraga de Oliveira. Esta segunda XEIRA consistiu nun percorrido pola Serra do Galiñeiro, a emblemática liña que define coa súa presenza a nosa comarca. Foi o 15 de xullo e baixo a experta dirección de Antonio Lago, secretario do IEM, fomos subindo ata o cume, uns mellor e outros non tan ben.

O lugar de encontro fora ás cinco da tarde na casa do Concello de Gondomar. En coche fomos ata o espazo de lecer da Comunidade de Montes de Vincios e iniciamos quizais o traxecto máis intenso do

paseo que foi subir ata as Ghallas. Despois o paseo transcorreu máis a modo, mentres Antonio Lago íanos ilustrando con información diversa sobre flora, xeomorfoloxía, etc. Pasamos pola fortaleza do Galiñeiro, entramos na Cova da Becha e de alí retomamos o camiño de regreso ao punto de partida.

O xoves día 29 de xullo foi a terceira das XEIRAS.

Nesta ocasión a visita guiada foi á parroquia de Chandebrito, no concello de Nigrán. Como o ano anterior, baixo a maxistral dirección de Xavier Groba, do Clube Espeleolóxico Maúxo e asiduo colaborador e amigo do IEM.

O punto de encontro foi ás cinco da tarde na Casa do Concello de Nigrán. Ao pé do castro de Chandebrito comezou e rematou a visita. Tamén como o ano anterior foron varios os veciños e veciñas de Chandebrito que acudiron á visita, para acompañar nuns casos, e noutros, tamén, para coñecer mellor a súa parroquia. Este ano a visita tivo un atractivo especial, xa que polas xestións de Xavier Groba e Xosé Lois Vilar, e por xentileza de Rafael Costas Iglesias, puidemos observar o petroglifo do cervo do Sueido que está dentro da corte do seu porco. Mesmo por motivo da preparación da visita o cervo de pedra e o porco de carne lograron unha certa proxección mediática.

Dende o Monte de Castro camiñamos ata a Chan do Rapadouro para deternos en varios conxuntos de petroglifos, antes de dirixirnos aos muíños de Rodas, sumidos nunha fermosa paraxe que aos visitantes lembrou á da Fraga de Oliveira. Para rematar, un pouco de exercicio para subir de novo ata o coto do Castro e poder regresar na busca dunha ducha reparadora.

O xoves 5 de agosto realizamos unha

nova XEIRA que demos en denominar Paseo polos Pazos de Gondomar. Era a primeira vez que organizabamos este percorrido e coidamos que foi un acerto que a ben seguro repetiremos no vindeiro verán. O punto de encontro foi a Casa do Concello de Gondomar. Dende alí achegámonos ao adro da igrexa de Mañufe, pois foi alí, ao pé desta interesante construción do século XVIII enfrontada ao cruceiro da Fe, ao palco da música e ao Pazo de Mendoza, onde realmente comezou a visita dirixida polos membros do IEM Alfonso Soliño Troncoso e Carlos Méixome Quinteiro.

Do adro camiñamos cara ao Pazo de Mendoza, hoxe felizmente restaurado e integrado dentro do complexo hostaleiro denominado Pazo da Escola, onde nos recibiu unha das súas propietarias, Paula Fernández, quen amablemente nos guiou polo edificio e forneceu nos algúns datos de interese sobre esta casa mandada construír polo que fora Deán da Catedral de Compostela, Policarpo de Mendoza (1705-1794).

A ponte de Mañufe foi o seguinte alto no camiño. Abraiados polo brutal atentado ao patrimonio e ao sentido común que supón o estado actual desta ponte medieval, seguimos o paseo ata o Cruceiro de Mañufe, centro histórico do Val Miñor, para, subindo polo Camiño Real, dirixirnos ao, desgraciadamente en ruinoso estado, Pazo de Fontán.

Unha xoia da arquitectura paxega esperábanos, tamén en lamentable estado: o Pazo de Pampillón, construído no século XVII. Entramos polo máis que considerable xardín, onde nos esperaba o doutor Ramón González Sierra para irnos orientando pola parte da finca e edificio que son da súa propiedade.

Impresionados por Pampillón e desexando a súa pronta recuperación, apuramos o paso cara a Vilarés, onde agardaba por nós un dos seus propietarios, José

María Catalán Pérez de Lis que nos deu cumpridas explicacións sobre as características arquitectónicas e históricas do edificio.


Pasamos, sen deternos, pola Pousa de Bermúdez e pola de Gómez para retomar o Camiño Real e regresar á igrexa, onde nos estaba a esperar o cura párroco, para poder contemplar o seu interior e poñer así remate a esta XEIRA.

O 19 de agosto realizamos un paseo pola Baiona histórica que iniciamos ás seis da tarde na praza do Concello. A visita guiada polos membros do IEM Xosé Lois Vilar Pedreira e Carlos Méixome Quinteiro, que informaron aos asistentes sobre algunhas particularidades construtivas e históricas dos edificios e lugares máis significativos da Vila que serían obxecto de visita.

Comezaba esta na mesma praza do Concello coa Casa de Lorenzo Correa, a Casa de Ceta, a igrexa da Misericordia e o convento das Dominicás. Edificios todos eles de visita demorada, comezando pola Casa do Concello. No convento visitamos a capela, mentres que na Igrexa da Misericordia o Confrade Maior deunos acaídas explicacións sobre o altar barroco e as lápidas sepulcrais.

Moitos visitantes sorprendéronse despois no Camiño de Entrehortas. Deixamos á beira Santa Liberata e a Colexiata e detivémonos no vello Hospital, hoxe Biblioteca Municipal, para despois retomar o camiño cara ao Cruceiro da Trindade, baixar pola Porta da Vila, deternos a botar un grollo na Fonte de Ceta, doada por Ventura Misa Bertermati, para rematar na Praza da Fruita falando da Casa do Deán mandada construír por Policarpo de Mendoza.

A última das XEIRAS de verán deste 2004 foi a visita detallada á Ex-Colexiata e á Igrexa de Santa Liberata. Foi o 24 de agosto. A visita, guiada pola profesora de Arte Medieval da Facultade de Historia da Universidade de Compostela e especialista en arte románica Marta Cendón, prin-



A profesora Marta Cendón detívose na análise dos dous retablos barrocos realizados por Antón de Vilar na Ex-Colexiata e mais en Santa Liberata. (Foto: R. Estévez).

cupiou na Igrexa de Santa Liberata (1701), dun estilo que poderíamos denominar como barroco italianizante e na que podemos contemplar o retablo, que narra a vida e martirio de Santa Liberata e as súas irmás, obra do artista Antón de Vilar.

Posteriormente visitamos a Ex-Colexiata, o monumento máis importante dos moitos que posúe a Vila de Baiona. Pertence ao románico de transición (1278) e está claramente influenciada pola arquitectura de Santa María de Oia, nomeadamente nas capelas rectangulares e na colocación dos arcos da nave principal. De planta basilical con tres ábsidas rectangulares e tres naves, das que a central é moito maior que as laterais. Finalmente a profesora Cendón analizou o retablo barroco, obra do mesmo Antón de Vilar. Baiona pode gabarse de ter en poucos metros dúas grandes obras do artista redondelán.

Era esta a sexta das XEIRAS que organizamos neste verán 2004. Agardamos que foran do agrado dos centos de persoas que nelas participaron e procuraremos que o ano que vén haxa novos e diferentes paseos polo Val.

## Comunicacións á Revista do IEM

Sr. Director da Revista de Estudos Miñoranos:

**A** Mancomunidad de Montes Veciñais en Man Común do Val Miñor e as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común das parroquias da bisbarra do Val Miñor queremos expresarlle a nosa REPULSA e o noso REXEITAMENTO polo contido do artigo do Sr. Xosé María Bouzó Fernández que, intitulado “Baiona: patrimonio e turismo”, foi publicado no número 3 da revista que vostede dirixe, contido que consideramos atentatorio contra da figura do monte veciñal en man común e contra das actuacións das comunidades de montes veciñais en man común. REXEITAMENTO e REPULSA porque:

- Pon no haber das actuacións das comunidades de montes veciñais en man común obras que non fan, como corta

de carballos, lavadouros de Baredo e A Granxa.

- Oculta toda a información sobre as actuacións que si fan as comunidades de montes veciñais en man común.
- Descoñece profundamente a figura do monte veciñal en man común e no seu descoñecemento total avoga pola volta de ditos montes ás administracións.

Val Miñor, 1 de febreiro de 2004

Asinado:

Mancomunidad de Montes en Man, Común do Val Miñor, Comunidade de Montes en Man Común de Borreiros, CMMC de Vincios, CMMC de Peiteiros, CMMC de Belesar, CMMC de Priegue, CMMC de Chaín, CMMC de Chandebrito, CMMC de Camos, CMMC de Santa Cristina da Ramallosa



## Acordo da Xunta de Goberno do IEM

A Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos na súa reunión ordinaria do pasado 13 de xullo e na súa calidade de Xurado do Premio de Xornalismo “Nano Cambeiro”, constituído con motivo da infeliz desaparición física do noso lembrado amigo e fundador e cumprindo co establecido na convocatoria, fai pública a súa resolución no mes de agosto no que se cumpre o terceiro aniversario da irreparable perda do xornalista Nano Cambeiro,

### ACORDOU:

1. Conceder, por unanimidade, o **II PREMIO DE XORNALISMO “NANO CAMBEIRO”** a **FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO** polo seu artigo *O Val Miñor no noso espello* publicado no xornal *A Peneira* no número correspondente á Segunda Quincena do mes de novembro de 2003.
2. O xurado tamén acordou por unanimidade realizar unha **MENCIÓN**

**ESPECIAL** a **ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA** polo seu artigo *Visión africana no esteiro do Miñor* publicado en *La Voz de Galicia* do 18 de outubro de 2003.

3. A Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos acordou tamén convocar o **TERCEIRO PREMIO DE XORNALISMO “NANO CAMBEIRO”** segundo as bases adxuntas para aqueles traballos xornalísticos publicados ao longo do ano natural 2004.
4. Encargar ao escultor e membro do Instituto de Estudos Miñoranos **FERNANDO CASÁS** a preparación da peza por el esculpida para que poida ser entregada ao premiado nun acto público a realizar en data a determinar.

Val Miñor, 2004

Asdo.: Antonio Lago  
Secretario do IEM

## Convocatoria do III Premio na lembranza de Nano Cambeiro

**N**a xuntanza ordinaria celebrada o día 13 de xuño de 2004, a Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos, reunida en sesión ordinaria, acordou convocar o Terceiro Premio xornalístico “Nano Cambeiro” en memoria e homenaxe do xornalista oriundo de CEE e miñorano de adopción quen fora fundador do Instituto de Estudos Miñoranos, Nano Cambeiro. Na mesma reunión da Xunta de Goberno aprobáronse as seguintes bases polas que se rexerá esta terceira convocatoria do premio de xornalismo:

### BASES DO III PREMIO XORNALÍSTICO “NANO CAMBEIRO”

1. O premio outorgarase a aquela colaboración xornalística referida ao Val Miñor realizada en lingua galega e publicada en calquera medio ou método de comunicación: prensa escrita, publicación periódica, radio, televisión, internet, etc.
2. A temática é libre sempre que sexa evi-dente a súa relación co Val Miñor no seu conxunto ou con calquera dos tres concellos que o forman.

3. O traballo premiado deberá estar publicado no ano natural anterior ao da entrega do premio. Poderá ser presentado polo seu autor/a, por calquera persoa que así o xulgue ou tamén poderá ser seleccionado por un/unha membro da Xunta de Goberno do IEM. En calquera dos casos, deberá xustificarse a súa publicación no ano natural correspondente (nesta ocasión o ano 2004), rematando o prazo de presentación/selección de traballos o 30 de maio do ano seguinte (nesta ocasión no ano 2005). A efectos de notificación, o enderezo do Institutos de Estudos Miñoranos é: Apartado de Correos 30, 36380 -Gondomar.
4. O premio, sen dotación económica, consistirá nunha peza escultórica realizada expresamente para o mesmo polo escultor Fernando Casás.
5. A persoa, ou persoas merecedoras do premio daranse a coñecer aos medios de comunicación no mes de agosto de cada ano coincidindo co aniversario do falecemento de Nano Cambeiro.
6. O premio será entregado nun acto público organizado polo IEM a celebrar durante o mes de setembro ou outubro de cada ano.
7. O xurado do premio estará formado pola Xunta de Goberno do IEM quen decidirá de entre todos os traballos presentados ou seleccionados. A súa decisión será inapelable. O premio podería declararse deserto se así o considerase o xurado.
8. Os membros da Xunta de Goberno do IEM quedan excluídos da súa participación neste premio.

Val Miñor, 16 de agosto de 2004.  
Antonio Lago  
Secretario do IEM





de emigrantes en Galicia durante o primeiro tercio do século XX: o protagonismo de Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos, trata, en parte, sobre a implantación da escola Americana no Val Miñor.

Gañou o 2º Premio do IV Certame de Ensaio sobre Porto Rico en 1995; o premio de periodismo “Práctica educativa” da revista *Cuadernos de Pedagogía* en 1996; o Premio de Investigación da Deputación de Pontevedra en 1997 e o Accésit do XX do Julio Camba, en 1998. Na Revista de Estudos Miñoranos ten publicado *Ignacio Ares de Parga e a educación democrática* (nº 3) e, en colaboración con Antón Costa, *Dende o Río de la Plata para o Val Miñor: escolas que foron fachos de luz*. [páx 43]

#### NIETO GONZÁLEZ, REMIGIO

(Salvaterra de Miño, 1936)

Mestre, escritor e pintor. Realiza por libre estudos de Filosofía, Pedagogía e Artes Plásticas. En Baiona funda e dirixe un centro privado de cultura xeral e durante oito anos a Biblioteca Pública Municipal da vila, na que escribe a súa primeira obra: *Contribución a una Bibliografía de Bayona la Real*. A Corporación Municipal en Pleno outórgalle en 1975 unha mención especial, considerándoo como un dos principais promotores da acción cultural no concello. Durante 22 anos exerce como profesor de Educación Artística nos colexios públicos de Sta. Mª de Oia e Isidora Riestra de Poio. En Pontevedra é cofundador de FEPA (Fomento da Expresión Plástica e Artística) e membro de INSEA (Sociedade Internacional para a Educación pola Arte). Trata de difundir e pór en práctica a educación a través da arte, realizando prácticas e traballos de investigación pedagóxica. Escribe o tratado *Iniciación á Apreciación da Arte na Escola* (sen editar). Colabora como comentarista de arte nos xornais *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* e *Diario de Pontevedra*, e durante 18 anos exerce como crítico da revista *Arte Galicia*. Publica *Guía Monumental Ilustrada de Pontevedra* (1980), *Debuxos Homaxe a Lugo* (1981), *Grupo Eixo. Pintura* (1992), colabora coa Concellería de Cultura na publicación da obra *Pedro García Lema* (2002), escribindo os capítulos “Introdución á obra de García Lema”, “Conversando co pintor” e “Biografía”. En 2003 publica o seu libro de poemas *Noctambulario*.

Como pintor ten realizado numerosas exposicións nas principais cidades galegas e a súa obra foi seleccionada nas Bienais Nacionais de Arte da Deputación de Pontevedra. [páx 79]

#### NIETO PAZÓ, AGOSTIÑO

(Vigo, 1961)

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor de Lingua Galega e Literatura no IES Val Miñor desde o curso 1988-89. [páx 17]

#### OJEA FERNÁNDEZ- COLMEIRO, ELENA

(Nigrán, 1981)

Licenciada en Ciencias Ambientais pola Universidade de Salamanca. Membro da asociación *A Groba*. [páx 103]

#### PEREIRA MARTÍNEZ, XOSÉ ALFREDO

(Areas, Santa Cristina da Ramallosa, 1956)

Vinculado ao movemento de recuperación dos montes veciñais en man común dende a metade da década dos 70, participando nos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL) e na Coordinadora de Montes de Pontevedra. En 1989 forma parte da Coordinadora de Montes de Galicia. En 1992 é un dos fundadores da Mancomunidade de Montes do Val Miñor, a primeira mancomunidade de montes do país legalizada. En 1997 preside o 1º Congreso Galego de Comunidades de Montes, sendo nomeado presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común en 1999, cargo que ocupa na actualidade. Tamén é presidente da Comunidade de Montes de Santa Cristina da Ramallosa, Baiona. No nº 2 da REM publicou: *As Comunidades de Montes do Val Miñor: reivindicacións, propostas e formación (Apuntes para unha historia que está por escribir)*. [páx 71]

#### PEREIRA MOLARES, ANA Mª

(Vigo, 1955)

Licenciada en Historia da Arte pola Universidade Autónoma de Madrid, onde obtivo Premio Extraordinario Fin de Carreira. Doutora en Historia da Arte pola Universidade de Santiago.

Compaxina a actividade docente, impartindo clase no ensino secundario e universitario, co labor investigador, centrado no estudos dos perfís tipolóxicos da arquitectura galega do período barroco. Entre os seus libros cómpre destacar: *La arquitectura del pazo en Vigo y su comar-*

ca, *Os pazos. Moradas fidalgas de Galicia, Galicia, tierra de Pazos e Arquitecturas y arquitectos en la Diócesis de Tui. Siglos XVII y XVIII.*

Autora de numerosos artigos en revistas especializadas, entre os máis recentes subliñamos: "El monasterio de santa María de Oia. Intervenciones arquitectónicas del siglo XVIII", *Quintana, Revista do Departamento de Historia da Arte* (USC, 2003) e "La Iglesia parroquial de San Xoán de Amorín: un modelo de templo rural tardobarroco", en *Tui. Museo y Archivo Diocesano* (2001).

A súa actividade orientouse, nos últimos anos, cara ao estudo das artes plásticas. Froito da mesma foron as seguintes publicacións: *Súarez Llanos*, catálogo da exposición "Grandes Pintores Gallegos" (Caixanova) e *Pintoras viguesas del siglo XX: el largo camino hacia un arte existente.*

Desenvolve tamén unha intensa actividade como conferenciante e articulista de prensa. É membro numerario do Instituto de Estudos Vigueses e dende 2003 responsable do programa de didáctica da Historia da Arte que se imparte en Caixanova e dos cursos de Iniciación á Arte Contemporánea que se desenvolven no MARCO de Vigo. [páx 25]

**REINERO GONZÁLEZ, DAVID**

(Nigrán, 1979)

Licenciado en Xornalismo pola Universidad Pontificia de Salamanca. Reside en Baiona. Redactor de *Atlántico Diario*. Máster en Relaciones Internacionales pola Universidad Complutense de Madrid e colaborador do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional. [páx 163]

**SOLIÑO TRONCOSO, ALFONSO**

(Fontán, Mañufe, Gondomar, 1960)

Arquitecto técnico pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballa no concello de Gondomar. Director da Sección de Arte e Patrimonio do IEM. Artista plástico, foi o comisario da recente exposición *Quae visa placent* en Gondomar (verán 2004). É coautor de *Gondomar, Historia, Arte e Territorio* (1995). [páx 131]

**VICENTE ÁLVAREZ, AMALIA**

(Vincios, 1969)

Enxeñeira agrícola. Realiza traballos de enxeñería agrícola e topografía. Membro da Agrupación Musical de Vincios dende a súa fundación. [páx 123]

**DE SAÁ QUINTAS, CLARA M<sup>ª</sup>**  
(Gondomar, 1963)

Estuda Xeografía e Historia en Santiago de Compostela. Traballou como guionista para televisión, realizou tarefas de produción, guión e locución en diferentes sectores do audiovisual galego. Co-autora de *Aillados, A memoria dos presos de 1936 na Illa de San Simón* (1996). Ten publicados contos para nenos na editorial Kalandranka dentro da colección Plis-Plas. Na actualidade traballa como locutora na Radio Galega. [páx 171]

**DACOSTA ALONSO, MARTA**  
(Vigo, 1966).

Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago, realiza a tese de licenciatura sobre sintaxe do galego medieval (estruturas coordinadas). Publica artigos sobre sintaxe das cantigas, toponimia costeira, confección de vocabularios da caza e da pesca e reseñas sobre literatura en *Cadernos da Lingua Galega, Eubalaena, Diario 16, A Peneira e A festa da palabra silenciada*. Autora da guía de lectura *X.L. Méndez Ferrín, Con pólvora e magnolias*. Coautora dos libros de texto de Bacharelato (Lingua Galega) de A Nosa Terra e colaboradora do seu semanario. Como poeta ten publicados cinco libros e recibiu varios premios literarios, entre os que cabe citar o González Garcés (1995) ou o Martín Códax (1998). É membro da directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Dende 1998 reside no Val Miñor. É Profesora de Lingua e Literatura Galega no IES de Tomiño. [páx 5]

**ESTÉVEZ PEREIRA, ROSANA**  
(Camos, Nigrán, 1970)

Licenciada en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Membro do Instituto de Estudos Miñoranos. [páx 145]

**FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO**  
(Vilanova de Lourenzán, 1913)

Dende moi novo estivo vinculado ao galeguismo. Iniciou a carreira de Dereito na Universidade de Madrid e rematouna na de Santiago, na que foi profesor de Dereito Civil. En

Compostela colabora co Seminario de Estudos Galegos e foi secretario das Mocidades Galeguistas. Tras a sublevación militar de 1936 é cesado como profesor e multado. Logra salvarse presentándose no cuartel, sendo destinado a varios frontes de guerra. En 1939 establécese en Vigo, onde sobrevive impartindo clases e realizando outros traballos, ao tempo que participa na reorganización política do galeguismo e desenvolve unha ampla actividade xornalística empregando diversos pseudónimos, entre outros o de Salvador Lorenzana. En 1950 participa na fundación da Editorial Galaxia e da revista Grial, das que foi durante anos o dinamizador. En 1963 asume a dirección da Fundación Penzol; nese mesmo ano presentou á Real Academia Galega a proposta de instituír o 17 de maio como Día das Letras Galegas. En 1997 asumiu a presidencia da Real Academia Galega, cargo no que cesou en 2001. Dende hai anos pasa os meses do verán en Panxón. Ten unha extensa obra de máis de 26 títulos, milleiros de artigos en xornais e revistas, centos de conferencias sobre os máis variados temas. Entre as súas obras podemos citar: *Cos ollos do noso espírito* (1949), *Historia da Literatura Galega* (1951), *Galicia no espello* (1954), *Escolma da poesía galega. Os contemporáneos* (1955), *Escolma de poesía galega. O século XIX* (1957), *Un país e unha cultura* (1973), *Letras do noso tempo* (1974), *Antolín Faraldo. Un precursor* (1978), *Pensamento galeguista do século XIX* (1983), *Pensamento galeguista do século XX* (1983), *Ánxel Casal e o libro galego* (1983), *As peregrinacións xacobeas* (1984), *Escritores de Portugal e do Brasil* (1984), *O señor da Casa Grande de Cima de Vila* (1988), *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo* (1991), *O cego de Pumarredón* (1992). Publicou tamén unhas memorias baixo o título *O río do tempo: unha historia vivida* (1991) e varios volumes de correspondencia. No 2003 publicou un segundo tomo de memorias titulado *Camiño andado*. No 2002 foi nomeado, a iniciativa do IEM, Fillo Adoptivo do Concello de Nigrán. Neste ano 2004 foille concedido o premio de xornalismo Nano Cambeiro creado polo Instituto de Estudos Miñoranos. [páx 159]

**FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, ESTANISLAO**  
(Vigo, 1941)

Destaca polos seus traballos de investigación, tanto como naturalista como estudioso da cultura. Na actualidade é presidente de diversas entidades científicas, culturais e sociais, entre outras a Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE) e o Instituto Galego de Estudos Mariños (IGEM). Recibiu o premio de investigación Taboada Chivite (1998) e a Medalla ao Mérito Cultural da Universidade Miñota (1996). Impartiu unha boa cantidade de cursos e son incontables as conferencias que pronunciou. Ten publicado máis de trinta títulos, entre os que cabe salientar: *Illas de Ons e Sálvora, historia natural e humana* (1989), *Viaxeiras da auga* (1990), *Cruces mariñas e de mala morte das costas galegas* (1990), *Illas de Galicia* (1991), *Galicia, flora, fauna, terra e mar* (1992), *As covas de Galicia* (1995), *Cruces e cruceiros de ánimas de Galicia* (1997), *Esmoleiros e petos de ánimas da Coruña, Ourense e Pontevedra* (1998), *Tódolos peixes de Galicia* (1999), *Fauna das augas galegas* (1999), *O poder das pedras* (2003), *O aceite en Galicia* (con Xoán M. Tamuxe).

Na REM nº 3 ten publicado *A andoriña das vilas (Delichon urbica) no concello de Gondomar e no resto do Val Miñor*. Na actualidade está a preparar un estudo-inventario dos petos de ánimas do Val Miñor. O xurado do Premio de Xornalismo "Nano Cambeiro" 2003 recoñeceuno cunha mención especial. [páx 89]

**GÓMEZ COSTAS, CARLOS**

(Chandebrito, Nigrán, 1979)

Técnico Superior de Administración e Finanzas. Secretario da asociación veciñal "O Castro" de Chandebrito, secretario da Comisión de Festas da parroquia e membro do consello sectorial de medioambiente do concello de Nigrán. [páx 63]

**GONZÁLEZ PÉREZ, XOÁN A.**

(A Ramallosa, Nigrán, 1963)

Licenciado en Xeografía e Historia, especialidade Historia, Arte e Xeografía de Galicia, pola Universidade de Santiago de Compostela. Realizou o primeiro curso de Doutoramento no Departamento de Hª Contemporánea da USC, e o segundo no mesmo departamento da Universidade de Les Illes Balears. Ten publicado en colaboración *Aillados. A memoria dos presos de 1936 na Illa de San*

*Simón* (1995) e *Nigrán. Memoria dunha Guerra 1936-1939* (1999). Na Revista de Estudos Miñoranos nº 2 publicou *¡Nós tamén estivemos nas Escolas Proval! É membro da Xunta de Goberno do IEM*. [páx 35]

**GUNTÍN, MAR**

(Borreiros, Gondomar, 1976)

Realizou estudos de Xeografía na Universidade de Santiago de Compostela, centrando o seu labor investigador no ámbito da Xeografía Humana no concello de Baiona. [páx 117]

**LÓPEZ FERNÁNDEZ, ALFREDO**

(Castrelos, Vigo, 1964)

Doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago. Especializado en cetoloxía. Presidente da CEMMA (*Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños*). Coordinador para Galicia do *European Project of Marine Mammals*. Asistente de Investigación da Universidade de Aberdeen, Scotland, dende 1997. Relator de cursos e conferencias. Autor e coautor de numerosos traballos científicos, moitos deles de ámbito internacional. Promoveu a creación da rede de varamentos *Atlancetus* na que participaban universidades españolas e portuguesas. Impulsou tamén a edición da revista científica *Eubalaena*.

Ilustrador, co nome de *Tokio*, especializado en debuxo científico, colaborou con varias publicacións periódicas e ilustrou libros de texto, así como varios volumes da Colección *Fauna Ibérica* editada polo Museo Nacional de Ciencias Naturales e o CSIC ou o *Atlas de vertebrados de Galicia*, do Consello da Cultura. Reside no Val Miñor desde 1998. [páx 95]

**MALHEIRO GUTIÉRREZ, XOSÉ M.**

(Moxico, Angola, 1961)

Doutor en Ciencias da Educación. Profesor da Universidade de Santiago, no departamento de Teoría e Historia da Educación. Ten publicado diferentes traballos de temática educativa relacionados coa formación ocupacional e coa intervención educativa dos emigrantes galegos desde América: *A escola da Bandeira. Unha nova escola en Galicia. 1909-1936*. (2000), *Fomento de la Instrucción Galega*, edición facsímile (2002), *Legado Socio-cultural da Emigración Galega* (2003) xunto con Sandra González.

A súa Tese de Doutoramento *Mobilización societaria, correntes de pensamento e escolas*



**ÍNDICE DE  
COLABORADORES E  
COLABORADORAS**

---

